

50 ANIVERSARIO
(1952-2002)

INSTITUTO FRANCISCO AGUIAR

Instituto de Educación Secundaria

“Francisco Aguiar”

de Betanzos

Instituto “Francisco Aguiar”

50 Aniversario

1952 - 2002

AGRADECEMENTOS

A cantos nos fixeron chegar as súas colaboracións literarias e artísticas para dar vida a este volume conmemorativo do cincuentenario do Instituto “Francisco Aguiar” de Betanzos.

A todas as persoas que nos facilitaron as fotografías que aquí se reproducen, cunha especial mención a D. Antonio Selgas Goyanes, por permitírnos o acceso ó extraordinario material gráfico que posúe.

A D. Alfonso Sanjurjo López, que, unha vez máis, se prestou a colaborar co Instituto “Francisco Aguiar”, deseñando a cuberta deste libro.

A D. Alfredo Erias Martínez, polo seu asesoramento técnico.

Queremos, finalmente, deixar constancia da nosa gratitude ás institucións que, co seu apoio e patrocinio, fixeron posible este traballo: Excma. Deputación Provincial da Coruña e Excmo. Concello de Betanzos.

Edita:

Instituto de Educación Secundaria “Francisco Aguiar” de Betanzos

Coordinación:

Xosé Manuel Montero Gómez
Marcelino Álvarez López
Serafín Caamaño Cernadas
Antonio Barros Varela
José Antonio Varela García
Constantino Chao Mata

Asesoramento técnico

Alfredo Erias Martínez

Maquetación:

Pedro Rodríguez Porca

Deseño de cuberta:

Alfonso Sanjurjo López

Imprime:

Lugami -Betanzos-

ISBN: 84-600-9758-7

Depósito Legal: C-553/2002

Instituto «Francisco Aguiar» de Betanzos. 50 aniversario: 1952-2002.

ÍNDICE

PRESENTACIÓNS	11
<i>Xosé Luís Torres Colomer</i>	<i>13</i>
<i>Manuel Lagares Pérez</i>	<i>15</i>
<i>Jaime Pita Varela</i>	<i>17</i>
INTRODUCCIÓN	19
<i>Xosé Manuel Montero Gómez</i>	<i>21</i>
COLABORACIÓNS	25
OS OLLOS POLAS AGRAS RECENDENTES DA MEMORIA, por <i>Xosé Abeal López</i>	<i>27</i>
TRES CURSOS BRIGANTINOS O SIEMBRA TEMPESTADES, por <i>Rafael Alonso Pica</i>	<i>41</i>
ANTONIÑO E AS REFORMAS EDUCATIVAS, por <i>Fermín Álvarez Lata</i>	<i>47</i>
O BURRO DE MEREXILDO, por <i>Marcelino Álvarez López</i>	<i>55</i>
RADIO INSTITUTO LABORAL DE BETANZOS, por <i>Marcelino Álvarez López</i>	<i>59</i>
RECUERDO DEL INSTITUTO, por <i>Manuel Ares Faraldo</i>	<i>65</i>
¿COÑECEMENTO OU SABEDORÍA? E OUTRAS REFLEXIÓNS NA UNIVERSIDADE DA VIDA E AS VIAXES, por <i>Xabier Ares García «Japy»</i>	<i>67</i>
SEIS AÑOS EN LA DIRECCIÓN DEL INSTITUTO “FRANCISCO AGUIAR”, por <i>Lourdes Blanco Sánchez-Barroso</i>	<i>77</i>
MIXTIFÓRICO CINCUENTENARIO DO INSTITUTO LABORAL DE BETANZOS, por <i>Pedro Carro Carro</i>	<i>81</i>
MI PASO POR EL INSTITUTO “FRANCISCO AGUIAR”, por <i>Ángel Manuel Castiñeiras Purriños</i>	<i>89</i>

NOITES DO MES DE XUÑO, por <i>Constantino Chao Mata</i>	93
AGRADECIMIENTO AL INSTITUTO FRANCISCO AGUIAR, por <i>María Dolores Faraldo Botana</i>	95
O XIGANTE EGOÍSTA, por <i>José Tomás Díaz Teijo</i>	97
O EMPREGO DOS SATÉLITES PARA A XESTIÓN DOS RECUR- SOS NATURAIS, por <i>José Manuel Cotos Yáñez</i>	99
INSTITUTO: ¡NORABOA!, por <i>Xulio Cuns Lousa</i>	107
PENÉLOPES DA ESTIRPE DE TALAI, por <i>Concepción Delgado Corral</i>	117
FADA FEITICEIRA, por <i>José Tomás Díaz Teijo</i>	121
UN INSTITUTO ABIERTO A TODO Y A TODOS, por <i>María Fernanda Faraldo Botana</i>	123
APRENDEREI..., por <i>Olga Patiño Nogueira</i>	125
BACHARELATO 82-85, por <i>Isidro Doporto Santos</i>	127
DE PRESEDO A BETANZOS: VIAXE POLA MEMORIA DUN ALUMNO (1969-75) DO INSTITUTO «FRANCISCO AGUIAR», por <i>Alfredo Erias Martínez</i>	131
CORENTA ANOS DESPOIS. LEMBRANZAS DO MEU INSTITU- TO, por <i>Antonio Erias Rey</i>	145
¿PAPÁ DE QUE TE RIS?, por <i>José Manuel Cotos Yáñez</i>	153
TODA UNA DÉCADA, por <i>Hilda Fraga López</i>	157
EL INSTITUTO FRANCISCO AGUIAR: IMPRESIONES DE UN EX-ALUMNO, por <i>Antonio Fraga Mandián</i>	161
A GUERRILLA DOS SOÑOS, por <i>Xesús Fraga Sánchez</i>	163
TRES SONETOS, por <i>Constantino Freire Llamas</i>	167
EXPERIENCIAS DE VIDA Y APRENDIZAJE EN EL INSTITUTO FRANCISCO AGUIAR, por <i>Eduardo José Fuentes Abeledo</i>	171
NO HACE MUCHO TIEMPO, por <i>Juan Antonio García Faraldo</i>	181
HA PASADO MEDIO SIGLO, por <i>Juan María García Otero</i>	183
LA LINTERNA MÁGICA, por <i>José Luis Gorrochategui Santos</i> ...	187

UNA ÉPOCA QUE MARCÓ MI VIDA, por <i>Francisco Iglesias González</i>	189
CINCUENTA AÑOS DESPUÉS, por <i>José Manuel Iglesias González</i>	199
A MIÑA LEMBRANZA NO INSTITUTO LABORAL DE BETANZOS, por <i>Xosé Iglesias Salorio</i>	209
UN DÍA DE MAIO, por <i>Antonio Lagares Pérez</i>	213
O LOBO, por <i>Carmen Laiño Lorenzo</i>	219
LEMBRANZAS DO INSTITUTO LABORAL "FRANCISCO AGUIAR", por <i>Carlos López Crespo</i>	221
AQUELLOS MARAVILLOSOS AÑOS, por <i>María José Martínez Girón</i> ..	227
MISCELÁNEA SENTIMENTAL DE BETANZOS Y SU INSTITUTO DE ENSEÑANZA SECUNDARIA, por <i>Esteban Martínez Lago</i>	231
EL PIANISTA DEL GUETO DE VARSOVIA, por <i>José Eugenio Mateo Rodríguez</i>	233
LA MITAD DE LA VIDA, por <i>José Antonio Miguez</i>	241
POR AQUELLOS LEJANOS Y BONITOS AÑOS, por <i>Antonio Pedreira Gómez</i>	249
SOBRE EDUCACIÓN, por <i>Emilio Pérez Sánchez</i>	257
CADA AÑO, DIEZ METROS, por <i>Ignacio Pérez Vázquez</i>	263
UN RÓTULO Y UN ESCUDO, por <i>Ignacio Pérez Vázquez</i>	267
SAN FRANCISCO DE LOURO, por <i>Jorge Peteiro Vázquez</i>	269
TIXEIRAS, 1984, por <i>Manuel Vilariño Seco</i>	271
¡ FELICIDADES !, por <i>Pinto&Chinto</i>	273
MI PASO POR RADIO INSTITUTO LABORAL DE BETANZOS, por <i>Sofía Romero López</i>	275
ARPILLERA, por <i>Alfonso Sanjurjo López</i>	277
50 AÑOS DE UN INSTITUTO, VALORES EDUCATIVOS DE AYER, DE HOY Y DE SIEMPRE, por <i>Alfonso Ríos Louzao</i>	279

¡GRACIAS BETANZOS!, por <i>Ysauro Rodríguez Pombo</i>	285
A NOSTALXIA DO VELLO FRANCISCO AGUIAR, por <i>José Antonio Santiso Miramontes</i>	289
LAS BODAS DE ORO DE UN SOLTERO LLAMADO INSTITUTO LABORAL, por <i>Antonio Selgas Goyanes</i>	293
SENSACIÓNS FÍSICAS DA CHEGADA, ANÉCDOTAS E NOSTALXIA, por <i>Xosé Luís Sobrino</i>	299
REFLEXIONES, por <i>José Antonio Taibo</i>	303
AQUELES ANOS DO INSTITUTO AQUEL, por <i>Xesús Torres Regueiro</i>	307
HOMENAXE, por <i>José Antonio Varela García</i>	321
O MEU INSTITUTO, por <i>Xosé María Veiga Ferreira</i>	323
EL LOCUTOR PÓSTUMO, por <i>José Verdes Pena, «Óscar»</i>	329

IMAXES: Medio século de historia do Instituto

«Francisco Aguiar»	339
GALERÍA DE DIRECTORES DO INSTITUTO «FRANCISCO AGUIAR» 1952 - 2002	335
O ANTIGO EDIFICIO DO INSTITUTO	339
AQUELES PRIMEIROS TEMPOS (DE 1952 A 1980)	347
O INSTITUTO ACTUAL (DE 1980 A 2002)	399

PRESENTACIONES

UN INSTITUTO LABORAL, EN BETANZOS

DECRETO DE 7 DE SEPTIEMBRE DE 1951 POR EL QUE SE CREA UN CENTRO DE ENSEÑANZA MEDIA Y PROFESIONAL DE LA MODALIDAD AGRÍCOLA Y GANADERA EN BETANZOS

De acuerdo con las normas generales establecidas por el Decreto de veintitrés de diciembre de mil novecientos cuarenta y nueve; vista la propuesta del Patronato Nacional de Enseñanza Media y Profesional, previa deliberación del Consejo de Ministros y a propuesta del de Educación Nacional,

DISPONGO:

ARTÍCULO PRIMERO.—Se autoriza al Ministerio de Educación Nacional para crear en Betanzos (La Coruña) un Centro de Enseñanza Media y Profesional de la modalidad agrícola y ganadera.

La Orden de creación detallará la aceptación por el Ministerio, en nombre del Estado, de las ofertas hechas por los Organismos locales en el expediente solicitando la creación y la autorización al Patronato Nacional para llevar a cabo los trámites necesarios para formalizar la aceptación.

ARTÍCULO SEGUNDO.—Publicada la Orden de creación se constituirá en La Coruña el Patronato Provincial de Enseñanza Media y Profesional, con arreglo al Reglamento de treinta de diciembre de mil novecientos cuarenta y nueve.

ARTÍCULO TERCERO.—El Patronato Provincial convocará el oportuno concurso para la selección del Profesorado y redactará una Carta Fundacional, de carácter provisional, elevándola para su aprobación al Ministerio de Educación Nacional.

ARTÍCULO CUARTO.—El Centro de Enseñanza Media y Profesional de Betanzos comenzará a funcionar el día primero de octubre siguiente a la fecha de la Orden de creación, limitando sus tareas al primer curso de las enseñanzas que se detallan en el Decreto de veinticuatro de marzo de mil novecientos cincuenta.

Anualmente el Ministerio de Educación Nacional podrá ampliar estas enseñanzas en los cursos sucesivos.

ARTÍCULO QUINTO.—Se faculta al Ministerio de Educación Nacional para dictar cuantas disposiciones estime conducentes al mejor desarrollo de las anteriores normas.

Así lo dispongo por el presente Decreto, dado en el Pazo de Meirás a siete de septiembre de mil novecientos cincuenta y uno.

FRANCISCO FRANCO

El Ministro de Educación Nacional,
Joaquín Ruiz-Giménez y Cortes.

(B. O. del E., 20 sep. 1951)

Decreto de creación do Instituto Laboral de Betanzos.

Instituto «Francisco Aguiar» de Betanzos. 50 aniversario: 1952-2002.

Dende a Deputación Provincial da Coruña alégrame poder contribuír á realización e a abrir estas páxinas que deixan constancia de medio século de vida dedicado ó ensino no I.E.S. “Francisco Aguiar” de Betanzos. Un centro que inicia a súa propia historia nunha cidade que foi unha das privilexiadas capitais do Antigo Reino de Galicia. Cidade que trazou pontes e abriu portos, onde todo acontecer deixou pegada en igrexas, conventos, Concello, Arquivo, boticas, comercio, bancos e ata cines. Historia escrita nesas estreitas rúas de pedra á que miran as balconadas...Vila feita por cabaleiros, fidalgos, comerciantes, feirantes, labregos, xentes de paso, por indianos filántropos, tal como recolle ese espacio de encontro que é a *Praza do Campo*. Pero cidade feita tamén por nós, especialmente neste tempo de fin e principio de século e de milenio, onde tantas cousas pasan agora mesmo á memoria histórica dos museos, para adentrarnos de súpeto no sorprendente mundo dos ciberespacios. Retos nos que convirá equilibrar a identidade coa uniformización de todo, non soamente da cultura, senón tamén da economía.

Vallan, pois, as páxinas que seguen, as que recollen o sentir de varias xeracións de xentes vencelladas ó Instituto, de avós, de pais, de fillos, alumnos e profesores, para lembrar o acontecer, as aventuras e desventuras vividas dende este centro. Instituto con ansias de humanismo sintetizadas no nome de Francisco Aguiar Seijas e Ulloa: figura que no século XVII fixo un importante labor como arcebispo de México, cidade na que morre no 1698, fundador de colexios, de seminarios, de hospitais..., seguramente recollendo ese espírito aberto de bonhomía que caracteriza ás e ós betanceiros de todo tempo. Ese mesmo espírito que hoxe, pasados séculos, alenta esta novo e vosa parte do acontecer.

Adiante, pois, con esa iniciativa e que a solidariedade e ben exemplar da “Cidade dos Cabaleiros” reine neses espacios de formación para seguir contribuíndo a escribir as páxinas da historia interminable de Betanzos.

Xosé Luís Torres Colomer
Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Instituto «Francisco Aguiar» de Betanzos. 50 aniversario: 1952-2002.

Estimado amigo e Director:

Chegar ás vodas de ouro dun acontecemento como é a creación do Instituto “Francisco Aguiar”, supón unha efeméride digna de conmemorar por todo o alto e tamén de facer un reconto emocionante de feitos de transcendental importancia para un pobo, como é o de Betanzos e a súa comarca, do que miles dos seus fillos e fillas se educaron e formaron culturalmente para emprender novos retos na vida laboral e profesional, que en medio século de vida cambia estrutural e culturalmente, física e politicamente todo o panorama social e económico.

Foi na fase da Segunda República, de 1931 a 1936, cando en Betanzos se instituíu o primeiro Instituto de Ensinanza Secundario oficial, quedando as súas actividades interrompidas a pouco de iniciada a guerra civil do 1936 ó 1939.

No 1952 cúmprese o feliz destino de restituírlle a Betanzos un centro oficial de ensino no nivel secundario que nunca se debera pechar. Pero nunca é tarde ...

Hoxe en día, ó botar unha mirada ó pasado, atopámonos cunha visión retrospectiva que nos dá fachenda e ledicia contemplando con orgullo o gran patrimonio cultural aportado polo Instituto que vostede rexenta, e que con motivo do 50º aniversario da súa creación felicitamos emotiva e solidariamente como ex-alumno, cidadán e Alcalde de Betanzos, desexándolle moitos máis séculos de transcendental labor.

Quero ter un recoñecemento para tódolos membros da comunidade escolar que fixeron posible o importante avance cultural de Betanzos e da súa bisbarra.

Para todos, un cordial saúdo.

Manuel Lagares Pérez
Alcalde-Presidente do Concello de Betanzos

Instituto «Francisco Aguiar» de Betanzos. 50 aniversario: 1952-2002.

Sempre quedan no rexistro da memoria aquelas datas ou épocas nas que un sendo neno-adolescente se sentiu feliz. Aí comezaron a amarrarse relacións fondas e duradeiras amizades. Na miña memoria quedou o paso polo Instituto de Educación Secundaria “Francisco Aguiar” para toda a vida. Eran tempos de curiosidade, de querer aprender, de abrirse ó mundo e a todo aquilo que puidera satisfacer as ansias de coñecemento que estaban ben dirixidas por pedagogos como D. Agustín Folla, D. Arturo..., D. Guillermo Rincón e D. José Antonio Míguez Rodríguez, todos eles e ... máis, que seguro me quedan outros ilustres mestres sen nomear, auténticos profesionais do ensino, pero por enriba de todo persoas comprometidas co desenvolvemento humano de Betanzos e a súa comarca de influencia. Non obstante, o mesmo nome do Instituto, o do arcebispo Francisco Aguiar y Seijas, ten como obxectivo lembrar a inmensa obra benefactora deste betanceiro singular en México ademais do labor de impulsión da construción do santuario da Virxe de Guadalupe, auténtico símbolo para os mexicanos.

Moitos fomos os que saímos das aulas do Francisco Aguiar e moitos, tamén, os que nos repartimos polo mundo adiante, coñecendo novas xeografías, novos perfís humanos. Outros quedamos en Galicia adicándonos as nosas tarefas inmediatas, unha profesión, unha familia, unhas inquietudes, pero cada un de nós sempre tivo presente o nome de Betanzos nos seus beizos e, na lembranza agradable, as aulas dese instituto onde nos formamos como homes e mulleres polo que nos aledamos ó ver que se segue a formar a xoves que nun futuro próximo engrosarán a lista de betanceiros que andan polo mundo adiante, ou aprendendo ou ensinando.

Se este Instituto se caracteriza por algo é, precisamente, pola súa actividade, sempre foi áxil na execución das súas obrigas. Xa desde os seus comezos alá polos anos cincuenta acadara o Premio Nacional de Arquitectura Escolar (1954) sendo unha lástima que desaparecera ese edificio emblemático para construír o novo no ano 1977. Aínda que as actuais instalacións son de fai menos de 20 anos a realidade pasa pola ampla

poboación estudiantil da comarca que cursa os seus estudos nun centro formativo estrela onde poden acceder á ESO, Bacharelato, COU, Ciclo Superior de Xestión comercial e Marketing e primeiro, segundo e terceiro da Escola Oficial de Idiomas. Activo polo que vemos desde as alternativas do ensino, pero tamén activo desde a ampla e variada oferta de actividades complementarias e extraescolares tales como asistencia a representacións teatrais, concertos, conferencias, actividades de orientación sexual, viaxes didácticas, etc.

Penso que a estas alturas pódese adiviñar perfectamente o orgulloso que me sinto de pertencer a plantilla deste Centro e tamén o anxeio de, cando remate na miña actividade de carácter político, voltar ás aulas para compartir a miña experiencia vital cos alumnos que me desexen escoitar, cos compañeiros de claustro cos que me xungen fondos lazos de amizade e co pobo de Betanzos onde a miña familia leva asentada desde xeracións e onde me sigo encontrando ben.

Jaime Pita Varela
Conselleiro de Presidencia, Relacións
Institucionais e Administración Pública.

INTRODUCCIÓN



Antigo e novo edificio do Instituto «Francisco Aguiar».

Instituto «Francisco Aguiar» de Betanzos. 50 aniversario: 1952-2002.

O Instituto “Francisco Aguiar”, o Instituto de Betanzos, celebra o cincuenta aniversario da súa creación. Medio século de historia, que representa tamén medio século da historia de Betanzos, porque en todo este tempo a vida da cidade e a do seu Instituto transcorreron estreitamente vinculadas. Non parece esaxerado afirmar que o desenvolvemento cultural da comarca de Betanzos tivo no Instituto “Francisco Aguiar”, desde o seu nacemento ata hoxe, o seu principal impulsor.

A través da presente publicación queremos render homenaxe a cantos, desde a súa condición de profesores, alumnos ou membros do persoal non docente, formaron parte ó longo destes cincuenta anos da Comunidade Escolar do Instituto “Francisco Aguiar”. Todos eles contribuíron a infundirlle ó Centro ese prestixio que soubo manter desde os seus primeiros tempos ata os momentos actuais. E, dun xeito moi especial, facemos expresión de gratitude e recoñecemento a aqueles profesores que dedicaron toda ou gran parte da súa vida docente a este Instituto que foi para eles moito máis que un centro de traballo.

A primeira clase que recibiron os tamén primeiros alumnos do Instituto de Betanzos foi a que, de xeito simbólico, se impartiu con motivo da súa inauguración o día 17 de novembro de 1952, despois da celebración dunha misa solemne oficiada polo arcepreste da cidade. Tratábase dun Instituto Laboral, de modalidade agrícola e gandeira, creado por Decreto do Ministerio de Educación Nacional de 7 de setembro de 1951, publicado no Boletín Oficial do Estado do 20 do mesmo mes, sendo Ministro de Educación Nacional Joaquín Ruiz-Giménez e Director Xeral de Ensinanza Laboral Carlos M^a Rodríguez de Valcárcel.

Foi o de Betanzos un deses Institutos Laborais nados ó amparo da Lei de 16 de xullo de 1949, que establecía as Bases da Ensinanza Media e Profesional. Coa creación destes centros pretendíase levar a cabo unha descentralización educativa que permitise estender a cultura e a técnica ós núcleos rurais, marítimos e mineiros, posibilitándolles así o acceso a unha ensinanza media que era daquela patrimonio exclusivo das capitais e dos grandes núcleos urbanos. A función que ós Institutos Laborais lles estaba asignada de cooperar á elevación do nivel cultural e técnico da comarca

onde estaban radicados, fixo que, ademais de impartir as ensinanzas establecidas no Bacharelato Laboral, abordasen tamén outro tipo de actividades de carácter formativo, como a organización de conferencias e de cursos monográficos de especialización.

Non é estraño, pois, que a posta en marcha do Instituto fose recibida con gran satisfacción en Betanzos e saudada con especial xúbilo polo seu alcalde, Tomás Dapena Espinosa, quen concebía o novo centro como unha sorte de “faro cultural” que habería de iluminar toda a comarca.

O certo é que Betanzos dispuxera xa en tempos da República dun Instituto de Segunda Ensinanza, que entrou en funcionamento no curso 1933-34 e tivo unha breve existencia, á que puxeron fin en 1937 as novas autoridades xurdidas da guerra civil. Un dos catedráticos que exerceron a docencia nese Instituto, Agustín Folla Leis, habería de ser, case vinte anos máis tarde, o primeiro director do Instituto Laboral de Betanzos.

A un claustro composto inicialmente por oito profesores correspondeulle a ardua tarefa de poñer en marcha o recién creado Instituto e atender ós corenta e dous alumnos matriculados no curso inaugural 1952-53. O entusiasmo e a ilusión que puxeron en sacar adiante a empresa encomendada, permitiulles ir salvando as lóxicas dificultades iniciais e consolidar un centro educativo que sería no sucesivo de trascendental importancia para toda a comarca de Betanzos.

A publicación do Boletín “Albor”, a decisión de poñerlle ó Instituto o nome de “Francisco Aguiar”, a posta en marcha dunha emisora de radio e a construción do novo edificio do centro foron algúns dos acontecementos que marcaron a vida do Instituto nos seus comezos.

Entre maio de 1953 e febreiro de 1956 viron a luz oito números de “Albor”, Boletín Informativo do Instituto Laboral. O profesor José Antonio Míguez foi o director e verdadeira alma desta publicación que, ademais de dar conta da vida do centro e das actividades que nel se realizaban, informaba tamén da lexislación laboral e abordaba asuntos de interese local e rexional.

En novembro de 1955, o Instituto Laboral de Betanzos foi autorizado polo Ministerio de Educación Nacional a utilizar a denominación oficial de

“Francisco Aguiar”. Dábase así cumprimento á proposta formulada polo claustro de profesores en outubro dese mesmo ano para honrar a memoria do ilustre betanceiro que fora arcebispo de México.

O Instituto contou tamén desde 1955 cunha emisora de radio de onda curta, dirixida por Agustín Folla Leis. Foi a primeira emisora laboral que funcionou en España, e nas dúas horas e media diarias en que emitía, desenvolveu un importante labor de divulgación cultural e representou un complemento ó traballo formativo do centro. Deixou de emitir en xuño de 1966.

Ata o curso 1957-58 o Instituto de Betanzos tivo a súa sede no antigo convento de Santo Domingo. En 1954 deron comezo as obras de construción do novo edificio do Instituto, que entraría en funcionamento en 1957. Dese fermoso edificio, hoxe desaparecido, que constituíu un modelo arquitectónico entre os do seu xénero, gardan grata e entrañable lembranza cantos nel estudiaaron e traballaron. O paso do tempo foino deixando pequeno para atender a crecente demanda de matrícula e en xaneiro de 1980 produciuse o traslado ó edificio que ocupa na actualidade.

Máis alá das súas distintas ubicacións, foron moitos os cambios que viviu o Instituto «Francisco Aguiar» no transcurso dos cincuenta anos de existencia que nestas datas conmemoramos. Os oito profesores iniciais convertéronse agora en setenta e sete, e os corenta e dous alumnos matriculados naquel 1952 suman hoxe un milleiro. Á designación primeira de Instituto Laboral, sucedéronlle as de Instituto Técnico de Ensinanza Media, Instituto Nacional de Bacharelato, Instituto de Bacharelato, ata chegar á actual de Instituto de Educación Secundaria. As súas aulas acolleron tamén os diferentes sistemas educativos que, con maior ou menor fortuna, se foron implantando a través dos anos.

Pero no medio de tantas transformacións, hai algo que permaneceu sempre inmutable: o desexo de ser un punto de referencia no ámbito educativo do noso país. Os Premios Extraordinarios de Bacharelato obtidos por alumnos do Instituto, a victoria no concurso da televisión autonómica “Saber e Xogar” en dura competición con numerosos Institutos de toda Galicia tanto públicos coma privados, a consecución do premio “Euroscola” convocado polo Parlamento Europeo, a obtención do primeiro premio do “Rallye Matemático Sen Fronteiras” en dúas ocasións, a organización do Certame de Poesía

e Relato Curto “Francisco Aguiar” que nas seis edicións celebradas trouxo a Betanzos as figuras máis relevantes do panorama literario galego, a participación en diferentes programas educativos europeos, son soamente algúns exemplos, referidos a estes últimos anos, que contribuíron a proxectar a imaxe do centro e a manter o nivel de prestixio que vén caracterizando desde sempre ó Instituto “Francisco Aguiar”.

O esforzo innovador e a capacidade de adaptación ós cambios que se foron producindo na educación son aspectos que distinguiron tamén en todo momento a este Instituto e que hoxe, igual ca onte, seguen a manifestarse. E, neste sentido, ademais da permanente ampliación e posta ó día da oferta educativa, cabe destacar a relevancia dos investimentos realizados recentemente en construción de espazos deportivos, en reformas e acondicionamento das diferentes instalacións do centro e en equipamentos de carácter xeral e específico, cunha especial referencia ó importantísimo incremento na dotación de medios informáticos e audiovisuais. Dispoñemos así na actualidade dun centro plenamente preparado para afrontar con éxito os novos tempos educativos que nos toca vivir e para seguir prestando un servizo formativo nas mellores condicións de calidade ós nosos alumnos, ás súas familias e á comunidade na que estamos integrados.

Despois de cincuenta anos, o Instituto “Francisco Aguiar” acadou xa unha antigüidade que é sinónimo de experiencia, de nobreza, de distinción, atributos todos eles que lle foron conferidos polo paso do tempo, pero tamén, e non en menor medida, polo traballo ilusionado de cantos protagonizaron e construíron ese medio século de historia. Os que hoxe temos a responsabilidade e a honra de dirixir o Instituto recoñecemos depositarios dun legado que ten como elementos primordiais a dedicación entusiasta á formación dos alumnos, o espírito de servizo á comunidade e o amor pola institución que representamos. Esa foi a herdanza que recibimos daqueles que nos precederon e a ela queremos gardar fidelidade, no convencemento de que a perseverancia nos principios que marcaron ha de ser a que faga que as futuras promocións de alumnos sigan tamén lembrando co mesmo cariño e co mesmo orgullo o seu paso polo Instituto “Francisco Aguiar”, o Instituto de Betanzos.

Xosé Manuel Montero Gómez
Director do Instituto “Francisco Aguiar” de Betanzos

Instituto «Francisco Aguiar» de Betanzos. 50 aniversario: 1952-2002.

COLABORACIÓNS



Bendición do antigo edificio do Instituto «Francisco Aguiar».

Instituto «Francisco Aguiar» de Betanzos. 50 aniversario: 1952-2002.

OS OLLOS POLAS AGRAS RECENDENTES DA MEMORIA

*Xosé Abeal López**

Hai cousas que nos ocorren para as que non atopamos explicación, para min unha delas foi a de ir estudar o Bacharelato, xa que non estaba explícita en nada do que me rodeaba, pero o certo foi que aquel ano chegou un mestre novo que traía moitas inquietudes e, ós



poucos días veu coa idea de formar un grupo para un programa cultural que había en Radio Nacional de España, que se chamaba “Misión Rescate” e así foi, formou un grupo no que me incluíu e esa experiencia levounos a buscar restos históricos pola comarca, percorremos varios sitios e ó fin atopamos un obxectivo: a antiga cidade romana “Flavia Lámbrica”, que nós situábamos nunha aldea da miña parroquia, que se chama Lambre, que está a beira do río do mesmo nome, andivemos por tódolos lugares, onde os labregos dicían que atoparan restos de olas de barro ó arar as leiras e mesmo nunha casa, un paisa-

no algo lido amosounos un pequeno libríño que trataba do tema, que eu copiei enteiro nunha libreta.

***Xosé Abeal López, poeta e Profesor de Latín, foi alumno do Instituto “Francisco Aguiar” de Betanzos, centro no que tamén exerceu a docencia.**

Instituto «Francisco Aguiar» de Betanzos. 50 aniversario: 1952-2002.

Como queira que fose o certo é que ó remate daquel curso outro compañeiro e máis eu fomos a un exame que se celebrou no Instituto, acompañáronos os nosos pais, chegamos alí cedo, tan cedo que aínda estaba todo pechado e non había ninguén, estivemos á porta do edificio un bon anaco. Sorprendíame todo o que vía naquel sitio e admirábao secretamente e aló no fondo da alma sentíame orgulloso e cheo dunha alegría misteriosa de respecto e admiración. Aquelo era un pequeno paraíso para as inquedanzas tan exaltadas que traía no corazón. Ó cabo dun pedazo, máis ben longo, chegou un home, moi ben vestido cunha chaqueta azul escuro con botóns de metal dourado e unhas cintas tamén douradas no remate das mangas, era o bedel e, certamente, que me chamou ben a atención, pois gardo a súa imaxe con toda claridade. Era un home moi amable, dixo que os profesores que nos iban a examinar tardarían un chisco, mentras, mandounos pasar e amosounos algúns lugares coma as aulas de talleres, que me abraiaron e encheron de ilusións ó ver aquelas ferramentas tan ben postas en filas nos taboleiros, ¡co argalleiro que eu era!, eso significaba ver o ceo aberto para aquela miña afición tan vella. Todo me sorprendía alí e pensaba que era coma estar vivindo un soño comparado ca escola de onde viña, semellábame unha casa encantada que tiña todo o que eu sempre desexara, cando soñaba esperto polas agras verdecentes da meu val. Unha vez que chegaron os profesores leváronos xunto con outros que foran vindo a unha habitación grande, moi clara, coa parede dun lado toda de ventanais, eles estaban nunha mesa alargada enriba dunha tarima sentados en fila e nós nos bancos. Lembro que me chamaron de primeiro e fóronme preguntando o que lles pareceu, xa ó redadeiro mandáronme sinalar algo nun mapa que había colgado e, despois, dixéronme que saíra, ó pouco tempo veu un profesor e doume unha cartilla con tapas duras azuis coa miña foto na primeira páxina, outros datos persoais e moitas páxinas en branco, eso fíxome feliz e os días seguintes non facía máis que mirala e abrila. Era un obxecto moi especial, que levantaba unha airexa de orgullo dentro de min. Os meses seguintes ata comezar o curso foron xa diferentes, algo aínda invisible empezaba a alborear no horizonte. Viñeron, despois, a primeira inscrición, a compra dos primeiros libros co seu recendo tan misterioso e atractivo, que nunca máis deixei de ulir cada vez que mercaba algún nin de saborear a súa sensación tan máxica.

Logo chegou o ritmo que foi sucedéndose ano tras ano, mais que breve foi todo. O coñecemento é coma se foras vendo as cousas e o mundo con outros ollos, todo para min foi diferente xa para sempre: os animais, as plantas, o cosmos todo era agora distinto, porque ibas descubrindo os porqués e, a xente, as costumes, a historia, os feitos grandes e pequenos tiñan unha razón de ser e, eu que por natureza estaba inclinado a introspección, a análise, a reflexión pronto

me decantei polas ciencias do espírito: a literatura, a filosofía, a historia, as linguas. O problema que tiña era atopar libros, dinme a súa busca polas casas de parentes e estraños e, comecei a mercar: O Quixote, a Vida e soño de Calderón, as Rimas e Lendas de Bécquer, a Diviña Comedia de Dante, logo apareceu Shakespeare, Nietzsche, Machado, Unamuno, Ortega, Azorín, Rosalía, Pondal, Hernández, etc., etc. Todo isto ó marxe das clases, pois as lecturas eran case nulas, só tiñamos unhas antoloxías de textos nos libros de literatura, que eran basicamente historias de datos, pero eu necesitaba as obras, mergullarme nas augas, que percorreran antes outros espíritos. Isto fíxome moi diferente de todos os demais, e aínda que



1972. De esq. a der.: Cabanas, José Abeal, Pedreira, Agilda, Domínguez, Antonio Vázquez, Pedro (París), Celso Carro e Antonio Barge nunha excursión de fin de curso.

era un alumno de ensinanza oficial, en realidade exercía privadamente de autodidacta, porque as sementes que levaba ocultas necesitaban abono para xerminar e medrar. Verdadeiramente, isto é o que eu fun sempre, agora que me vexo con perspectiva a moitos anos de distancia. Penso que teño un espírito aberto a todo o que me poida dicir algo de interés, a miña curiosidade é mesmamente universal, e o que sinto é que o tempo é limitado e que morrerei sen poder acadar ese horizonte, porque é infinito e cando acadas un ábrese outro e outro, máis non me sinto desacougado, pois cando miro o camiño xa andado e considero as cousas que me foi deixando, sinto emoción e ledicia a un tempo, pois agradezo este destino meu. E, sen dúbida, este destino é secreto,

cara a dentro, instalado nese lugar onde os demais non poden entrar se un non quere. Cando publiquei o meu primeiro libro, os que me rodeaban levaron unha gran sorpresa, non podían imaxinar que alguén, tan corrente e vulgar, que andaba o seu darredor, tivese ese outro mundo persoal e descoñecido.

Aí, nese edificio, do que falei algo antes, pasei sete anos da miña vida, todos os seus espacios van comigo, todos eles gardan emocións propias, forman parte de min. A miña existencia abarca e necesita para a súa identidade todo eso. Cantas veces penso o pouco que son, tamén penso que eso tan pequeno, minúsculo, insignificante sería menos que nada sen un espacio e, os espacios da miña adolescencia transcorren no desaparecido Instituto “Francisco Aguiar” de Betanzos, pois aquel edificio foi substituído por outro, pero para min segue e seguirá sempre vivo, aceso no mesmo centro do meu corazón aquel outro, no que sempre me sintín a gusto e, podo dicir que tiña unha distribución arquitectónica ben pensada, era funcional e acolledor. Nel, tal vez, vivín as emocións máis simples, pero sen lugar a dúbidas as máis fondas, o descubrimento da vocación, ese feito que te sitúa no mundo e te fai ser o que es, as máis transparentes e perdurables amistades. Nada me produce máis ledicia que atopar ós amigos que conviviron comigo alí ano tras ano, que medraron e botaron a barba ó mesmo tempo ca min, que estiveron en tantas descubertas, en tantas emocións, en días de frío e de calor, nos bos e malos momentos.

Amigos, esta é unha historia íntima, persoal que eu quero contarvos coma homenaxe a un tempo e a un lugar, tamén a unhas persoas. Os tempos aínda que pareza sorprendente son sempre os mesmos, que sería dos homes se non: uns privilexiados, outros condenados, pero non acontece así. O bon ten as súas servidumes e o malo tamén ten as súas satisfaccións. Isto é moi importante na vida do home. Aparecemos no mundo coma un milagre, eso é o que é a vida e desa mesma maneira tamén desaparecemos envoltos no silencio dun misterio. Que dicir do azar do encontro, das persoas que non elixes e son tan importantes na túa vida, de todos e cada un daqueles homes e mulleres gardo algo, algo valioso e secreto. Vou empezar polo señor Claudino, un dos bedeles, que sempre chegaba cargado de razóns, sobre todo á primeira hora da tarde, era coma se necesitase ter quen o escoitase e sintirse importante e, ninguén millor que nós, os rapaces, para satisfacelo e deixar que fose feliz. Era un bon home. Esa foi a imaxe que me quedou del. Amigo, si, de ir tomar algún que outro chiquito o Pepe, cando podía ou facía por poder. De tódalas maneiras o que máis me sorprendeu del, xa moitos anos despois, foi cando o vin nunha xubilación, sen palabras, emocionado e cheo de bágoas, eso foi para min a máis grande das sorpresas, pero así somos os homes.

Dos profesores dos primeiros anos gardo especial lembranza de D. Marcelino, “o Maíno”, profesor de Educación Física, que sempre contaba anécdotas moi instructivas. Era ben diferente o outro compañeiro D. Isaura Rodríguez Pombo, profesor tamén da mesma asignatura e ademais de Política, home recto onde os haxa e que tiña a rara arte de cabrearse só, feito que aproveitaba para facer longos discursos, que, ás veces, duraban toda a clase. Eu levábame moi ben con el, pois era tan recto e tan cumpridor coma el, o que facía que me tivese moita estima e me puñese como modelo de cara ós outros compañeiros, cousa que nunca me causou especial agrado.



1972. Equipo de fútbol. De esq. a der. e de pé: Abeal, Pereiro, Agilda, Naveira, Pedreira, ? e Celso Carro. Agachados: Antonio, Emilio Salgado, Uzal, César e Villaverde.

Un profesor moi peculiar era D. Enrique del Río, de alcume “o Cascas”, pois sempre dicía: “cabaleiro te la cascás”, era un bon profesor de dibuxo, sobre todo técnico. O compañeiro da mesma disciplina, Rodríguez Osorio, tiña rasgos xeniales e ensinaba cousas sorprendentes, dicían que era un escultor importante, eu considerábao home de certo talento e, por outro lado, caíalle moi ben, tíñame botado como se di vulgarmente o ollo, pero marchouse trasladado e non volvemos a saber nada máis del.

Ben característico era o Director entón, D. Antonio Barge, especialmente pola voz e polos xestos á hora de explicar. Impoñía o orden por riba de

todo, pois tiña unha gran autoridade tanto entre os alumnos coma entre os demais compañeiros. Recordo de xeito especial a D. Luis Sevilla, profesor de Ciencias Naturales, moi organizado e metódico, as súas clases eran sempre agradables para min, que me gustaba a asignatura, aínda que el, sen dúbida, contribuíu moito a eso, pois tíveno sempre por un gran profesor, sen ser un fóra de serie en coñecementos, era, sobre todo, un gran divulgador, a verdade é que case non facía falta estudar despois das súas explicacións, ademais tamén aconsellaba e era moi comprensivo, nunca berraba, xamais o vin enfadado, falaba con calma e pausadamente e tiña un castelán moi bon.

O profesor de Francés D. Esteban Martínez tiña fama de sabio, pois ademais dominaba outros idiomas moi ben coma o inglés, o alemán, etc. e, posuía unha basta cultura. Caracterizábase por levarse ben cos alumnos, levábanos no coche ou invitábanos a súa casa. A súa visión do mundo era máis ampla que a dos outros, alomenos eso me parecía a min. Coñecía tódolos intrínqulis da lingua e fíxose famoso pola súa maneira de facer exames con unha ventá, que abría nun folio e ía colocando enriba das palabras, método co que caeron máis de catro adelantados.

Non podo deixar de lembrarme, desde logo, do profesor de relixión, D. Román, era de gran estatura e tiña un ollo algo máis cerrado que o outro, moi serio e bondadoso, de gran personalidade. Veu a substituílo D. Manuel Ares, “O Tupamaro”, chamóuselle así, porque acababa de vir de América, onde estivera moitos anos, anque era betanceiro e moi aficionado a fotografía e a outras moitas cousas, viaxara por diferentes partes do mundo, estudiara en Comillas e semellaba un pozo de sabiduría, pois falaba de calquer tema con autoridade, para nós era un fenómeno, ademais non lle sorprendía nada e para todo tiña unha explicación.

O profesor que eu admiraba, sen embargo, en secreto, e que tardou moito en darme clase, xa que só me dou no último ano, era D. Antonio Míguez, doutor en filosofía, traductor de Platón e de outros filósofos gregos e modernos, bon coñecedor da filosofía alemana e toda a occidental en xeral, home, en definitiva, de basta cultura. Sobresaía non só no Instituto, se non tamén fóra, publicaba artigos na revista *Arbor*, reseñaba libros, era un intelectual. Xa cando estabamos no redadeiro ano, apareceu coma profesor noso en dúas materias: Lingua Española, da que era catedrático e Filosofía, da que o meu ver sabía moito máis, notábaselle que era o seu campo de traballo, o seu gusto, a súa afición, non me defraudou, foi o meu gran profesor e penso que o mellor que tiven, desde logo, na filosofía. Era preciso, conceptualizaba moi ben e, por riba de todo, contextualizaba ós autores e ás correntes filosóficas con claridade absoluta,



1972. Excursión de fin de curso. Covadonga. De esq. a der.: Novo, Crespo, Pedreira, Domínguez, Pedro Vázquez, Antonio Vázquez, Alfredo Erias, Agilda, Abeal, Barge e Cabanas.

era coma un faro. Sería un gran profesor universitario, sen dúbida, pero a súa labor non deixa de ser, incluso, máis importante, os homes non importa onde estean, se non o que sexan.

Non podo esquecerme de D. Antonio Selgas, profesor de Física e Química, a min doume en cuarto de Bacharelato Elemental e lémbroo coma un home de bon humor, divertido, con unha gracia e humanidade desbordantes ata o punto que ensinaba cun método que semellaba un xogo. Ó final púxome unha matrícula. A formulación aprendémola competindo entre nos. Eu tiña claro desde facía xa moito tempo que non iría por ciencias, pero tamén tiña claro que ese era un coñecemento moi importante e que non había que perdelo de vista nunca, aínda hoxe conservo a inclinación a ler libros de divulgación científica para estar ó día e entender os avances. D. Antonio díxome, ó remate do curso, que me aconsellaba ir por ciencias, lémbroo moi ben ó tempo que me daba o premio pola miña nota: unha brúxula, que aínda conservo. Eu seguí o meu camiño, as letras, nunca me arrepentín, pero pensei moitas veces, o que me dixo D. Antonio. Ese é o meu estigma: aspirar ó saber universal, mais, tal vez, sexa o único que exista, pois se o coñecemento non é global, que é. O mundo, a natureza, o cosmos é unha unidade.

A quen non quero esquecer é a D. Pedro Carro, profesor de talleres, pola súa peculiar personalidade unhas veces extrovertida, pero outras andaba concentrado en si mesmo e despistado coma un sonámbulo. Todo o mundo dicía que era un home de talento, cando se fixo a lei Villar Palasí de educación foi chamado a participar e viaxaba a Madrid, o que lle daba ante nós un algo especial, que o diferenciaba dos demais. Eu observábao moito. Víase interesado por outros coñecementos e polo que máis tarde fun sabendo a súa curiosidade era moi ampla, pois tanto sabía de etnoloxía coma de folclore, historia, arte, música, gramática, etc., estaba dotado dunha rara cualidade, que era o sentido común, que combinaba de maneira hábil coa observación.

Houbo tamén outros profesores novos, que viñan da universidade, tiñan outra forma de pensar diferente. Recordo en especial a Maribel Martín Castañeda, defensora dos dereitos da muller, moi humana e innovadora, a Miguel Mourelo, a Xulio Argüelles, a Antonio Barros, Menena, etc. .

E xa para rematar vou falar doutras lembranzas máis particulares. Ó longo de tantos anos sempre se forman grupos por afinidades e surxen iniciativas que veñen ser o medio de expresión das súas inquiredanzas, así, nos últimos anos xuntámonos uns cuantos inquedados e botamos a andar un periódico, chamouse “Eclósión”, saíron varios números, neles publiquei os meus primeiros poemas e fixen artigos expoñendo as miñas pobres ideas, penso que foi unha boa experiencia e que dou os seus froitos. Tamén fixemos audicións musicais e puxemos en marcha a Biblioteca Municipal, que foi orixe da actual e que viña dun longo letargo.

Non puiden esquecerme nunca das innumerables sensacións daqueles espazos. Tódolos comezos de curso o Parque Municipal, que estaba mesmo ó lado do Instituto premiábanos con novos e máxicos recendos que levo ocultos no olfato da memoria coma polen de infindas ebriedades, o mesmo digo das xeadas que se pousaban cal minúsculos brillantes nas herbas vizosas dos céspedes que rodeaban o edificio, sempre tan ben cuidados, e dos longos invernos, algúns case interminables con pouca luz convidando o recollemento e, despois os vigores das primaveras que permanecen vivas en min cal mananciais de frescura e cores con aquela luminosidade que queda á tardiña aló por enriba das Angustias. Nos veráns todo quedaba só e se por un casual che cadraba de pasar por alí sintías unha tristeza inmensa entre aquelas soidades. Son moitas as vivencias que me aquecen co seu remol e contribúen a formar o edificio humilde da miña existencia, todas elas agradables e puras de emocións.

Queridos amigos, unha forza moi poderosa quere impedirme deixar a pluma, pero sei tamén que moitos de vós vivistes o mesmo que eu e teredes moito que

Instituto «Francisco Aguiar» de Betanzos. 50 aniversario: 1952-2002.

contar. Aquí queda, pois, este humilde gran do que significa no corazón e na vida unha institución de ensino.

Pola memoria, para que non morran os soños nin as utopías.

¡Viva o Instituto “Francisco Aguiar” de Betanzos!

Vouvos facer agora unha pequena selección dos meus poemas, para que vos queden coma botóns de lembranzas:

A miña terra cábeme nos ollos,
Ten un río de seu, o Lambre, e moitas fontes,
Dous regatos tan só, moi cantareiros
E prados verdecetes e camposas.

A miña casa é a casa de Rosende
No mesmo centro do lugar dos Chaos,
Onde se cruza o camiño Real
Que ven da Vila e o que vai a Betanzos.

Foi e aínda é lugar de moito paso.
Dase ben o centeo, o trigo, as patacas,
As cereixas son xa de sona desde
Os antigos romanos e as castañas.

Polo Santiago o millo cobre as agras
Coas súas bringuelas canas moi barudas,
Polo setembro recenden as hortas
Cos repinaldos e as maduras uvas.

O outono chega espindo coa súa brisa
As árbores todas, que quedan núas
Cos seus pregos na mística paisaxe
Acendidas de azul coma paxaros.

Fóronseme tan lonxe os ollos hoxe
Que os atopei perdidos polas terras
Da infancia entre as cousas máis sinxelas:
A auga, a herba, o ar, o espido son
Das músicas durmidas cal sementes
Nos recendos purísimos do chan.

Agras do meu val, mapas de cor verde
Na frescura vizosa dos mences,
Fráxiles sedas da lembranza inmóvil,
Recia brancura en noites de invernía.

Non puiden atopar nada máis tenro,
Maternal, delicado, inabarcable
Na lentura da lenta luz do ocaso
Polos mares infindos da memoria.

Voltei de novo á aldea que ameí tanto.
E volví a sentir cantar ó lonxe
Os carros polas fondas corredoiras
Nas brétemas do tempo xa fuxido
Nese recuncho máxico e sonoro
Onde mora a memoria e o misterio.

(Do libro "Herba do tempo")

O mundo clarexado, espido, núo,
Ven ardendo ó meu illó de luz e alí
Aséntase nas leis dos mapas puros
Na mesma transparencia do invisible
E vive dibuxado nos espellos
Polo ceo impalpable que se acende
En min coma unha música de orballos.

Hai cousas tan pequenas, case nada,
Que nin sequera ves se non te paras,
Pero despois de descubertas, todo
Son milagres, acougos brandos: mares.

(Do libro "Herba do tempo")

Voa, paxaro, voa cara ó mar
E fuxe, fuxe xa das tebras mouras
Na procura da luz no alén da noite,
Non te deteñas, segue, busca o lume
Nos confíns do intanxible e puro sol,
Non perdas as arelas do infinito.

Non permanece nada sempre igual,
Só nos espellos da lembranza quedan
As imaxes daquelo que se amou
Tan vivas e purísimas cal astros

Aló no inalcanzable azul do ceo
Que te emocionan cando se te amosan,
Despois o irse queda só a nostalxia
Sen que poidas detelos ó pasar.

A hedra de luz, que medra nos meus ollos
Ascende coma as águilas ás alturas,
Ansía liberdade, infinitude

Cal fonte de desexos inefables
Na busca máis constante de destinos,
Alá, no alén escuro do horizonte.

Miro cara ó lonxano e vexo as cousas
Amadas que quedaron coma estrelas
Na memoria brillando tantas noites
Nas que a escuridade entristecía
Todo coa súa tea mouro e muda.

¡Que astros tan vermellos me alomean
Nese recuncho intacto dos perfumes!

Cando vou xunta ti, ouh mar, nos ollos
Nácenme ríos que camiñan dondos
Cara ós teus infinitos horizontes
Onde gardas os froitos máis dourados
E síntome tan libre e acougado
Coma unha barca de cristal no vento.

*

TRES CURSOS BRIGANTINOS O ...SIEMBRA TEMPESTADES

*Rafael Alonso Pica**

Está escrito que cuando el señor de Andrade retornaba a la villa, resonaba en su plaza, en las murallas, en el mercado su anacreóntico grito marcial: “¡A cocer panadeiras!”. Y seguramente era bienvenido... si hacía bueno el pago. Esto último no consta en las crónicas, pero, lo que sí sabemos es que decidió enterrarse en Betanzos. Seguramente, el constructor de los siete puentes, de las siete iglesias y de los siete castillos echaba de menos las fiestas de los betanceiros. “Ave María gratia plena”.

Me observan, me espían por todas partes. No sé dónde esconderme. Me dice el médico que son imaginaciones mías, pero sé que me vigilan. Cambian de apariencia, se mimetizan. Me resultan, a veces, lejanamente familiares, pero siguen su camino fingiendo indiferencia. Otras veces, me paran por la calle, sin previo aviso, sorprendentes, brillantes: “¿No se acuerda de mí?” Y, sin piedad, me emocionan. No, no quiero acordarme de que pasa el tiempo.

Desde que me fui de Betanzos a la siempre húmeda Pontedeume, siempre me sentí desterrado y algo paranoide. En este puesto la vigilia provoca la dolorosa exudación de lamentables y melancólicas ensoñaciones dos o tres veces por jornada. Los cólicos, entre reumáticos y nostálgicos, según el prior, maese Xosé Manuel, sólo sanarán con friegas de vino de Betanzos bendecido por el capellán de palacio, que tiene tan buenas manos para santificar que no desmerecerían las de un Serafín.

***Rafael Alonso Pica fue Profesor de Lengua y Literatura Castellanas en el Instituto “Francisco Aguiar” de Betanzos.**

Siempre tuve como consigna hacer sufrir a mis alumnos y, pese a ello, nunca conseguí completamente mi objetivo. Alguno se descolgaba, con dulce masoquismo, del pelotón de víctimas. Recuerdo con especial devoción la mirada compasiva, irónica y doctoral del señor Sevilla cuando se cruzaba con alguno de mis mártires.

Consciente de que mi labor podía crear una excesiva tensión en tan jóvenes espíritus, una malhadada tarde se me ocurrió una idea perversa. El siguiente ejercicio de redacción consistiría en que planearan mi asesinato. Nunca podré olvidar aquella triste tarde de noviembre de 1989. A esta, tuvieron que seguir otras, cada vez más depravadas. Mis alumnos, lejos de desmoralizarse, me exigían títulos cada vez más originales. Mi fama me precedió. Hoy, lejos de aquel idílico Instituto, cada año se celebra, por aclamación popular, exigida por mis nuevos alumnos perpetuos, la ceremonia del asesinato ficticio de este modesto y desequilibrado profesor de lengua. La revolución, pasto de la costumbre.

Sigo echando de menos aquel instituto que consideraba mi castillo, el castillo de mi blanca Nieves, almenado Elsinore, donde la noble y sonriente Ofelia agarraba de la oreja al discolo Hamlet.

¿Por qué se despegan las fotos de las viejas libretas de notas? Protestan y huyen de la decadencia como dientes de viejo. Los antiguos alumnos, por un momento fugados, me observan, me espían, calculan, me evalúan con saña, avariciosos. No sé dónde esconderme. Ellos me persiguen. Nunca envejecen, sólo se transforman.

Santiago, el informático, Luis, dónde estará su sarcasmo; Victoria, germanista ya; Julia, cómo pasa el tiempo; Javier, ¿abogado?; Carmen, economista; ¿era Miguel el que conducía aquella furgoneta?; Maxi, precoz lector; y sus compañeros de tortura, todos escribieron disciplinadamente las ciento veinte redacciones programadas y respondieron en ellas a cuestiones tan peregrinas como la relación existente entre una lavadora y un astronauta o la razón de que las bombonas de butano lucieran su llamativo color naranja. Hasta que un sedicioso pupilo saturado decidió, quizás por escurrir el bulto de una rigurosa corrección ortográfica, comenzar con una lengua inventada de esta manera: “Ea Cadmún ea ea..”. Imagínense, si pueden, la continuación.

Algunos de mis discípulos más brillantes tuvieron a bien, después de una hábil coacción, escribir en la revista del centro. Papeis Morea, ¡cuántos colaboraron en aquel periódico! Era emocionante ver cómo se maquataba cada año. Aún conservo algunos dibujos que Alfonso Sanjurjo pintó para el periódico. Coincideron algunos de los números de Papeis Morea, por cierto, con el premio

Francisco Aguiar de Poesía y Relato. Qué buena excusa para aparecerme otra vez, amenazante y profesoral ante los asustados ojos de tantos en la ceremonia de entrega.

Había otras tradiciones en aquel centro. En carnavales, las esperadísimas y espectaculares degustaciones de la clase de Hogar. Al final de curso, los circunspectos profesores, guitarra en ristre, en Los Caneiros, entonando la canción número cuarenta y seis que, como todos saben, es de Sabina.

¿Elvira?, Micaela, un terremoto; Sandra, Raquel, Beatriz, no creo que hagan teatro; Carolina, Nati, Susana, Lucía, Ivana, Liliana, Ainoha, José Miguel, siempre eléctrico, incluso ahora... ¡Cuántas redacciones!

El autorretrato, binomios

fantásticos, palabras inventadas, perspectivas imposibles, el mundo visto por tu bolígrafo, el primer hombre embarazado... ¿Qué nuevas locuras les encargué redactar a esos sufridos alumnos?

En fin, cuando llegué al Instituto Francisco Aguiar, enchido de santa y novicia ingenuidad, observé, no sin preocupación, una angustiosa ausencia. ¿Dónde estaba la tarima? Instrumento tan útil y venerable, artefacto técnico tan completo y pedagógico, artilugio tan económico y necesario había desaparecido. ¿Qué podía haber ocurrido con la humilde tarima, la que ofrecía al docto pero menguado maestro esos dramáticos centímetros de fugaz respeto, de relajada observación, escolar veneración, la que concede perspectiva altanera, omnisciencia educativa, sabia catarsis?

La tarima dividía el mundo en dos: Deificaba la sabiduría docente en su enorado altar y embargaba de emocionada humildad al discente. Ambos, postulante y tutorando, eran enaltecidos en podio tan olímpico.

Instituto «Francisco Aguiar» de Betanzos. 50 aniversario: 1952-2002.



1990. El autor en el acto de entrega de Premios de la 1ª Edición del Premio de Poesía e Relato Curto “Francisco Aguiar”.

El dramático descenso en la demanda de tarimas no sólo provocó un evidente descenso material en el estatus de los profesores sino que también originó efectos inesperados sobre los más variados sectores de la sociedad:

1º Crisis en la industria de la madera, desciende la matrícula en la FP, las familias buscan masivamente una salida segura para sus hijos en el BUP y la Universidad.


2º Aparece una epidemia de lesiones cervicales entre los docentes que deben adaptarse a la nueva situación de las pizarras. Aumenta la demanda de fisioterapeutas.

3ª Entre el alumnado se extienden con especial virulencia dolencias oftalmológicas tales como el ojo vago y la falta de miras, mientras que entre los docentes se hace común la visita al psiquiatra para la consulta de problemas relativos a la pérdida de autoridad...

Luego, vino eso de la logse.

Por fin, el alumno levantó la cabeza, desafiante. Había terminado su lectura.


No cabe duda de que la destrucción de las tarimas ha sido el más sutil de los intentos de acabar con los profesores que he podido leer, pero, desde entonces sufro extrañas alucinaciones inesperadas. Me espían. No sé dónde esconderme. Me dice el médico que son imaginaciones mías, pero sé que me vigilan. Cambian de apariencia. Me resultan, a veces, lejanamente familiares, pero siguen su camino fingiendo indiferencia. Siempre son los mismos, sólo se transforman. Otras veces, me paran por la calle, sin previo aviso, sor-



1995. De izq. a der.: Xosé M. Montero, Rafael Alonso (autor de esta colaboración), Verónica Penide y ?.

prendentes, brillantes: ¿No se acuerda de mí? Y, sin piedad, me emocionan. No, no quiero acordarme de que pasa el tiempo. Ya se vengaron de mí: Más que profesor, he terminado siendo un personaje en las redacciones de mis alumnos.

Con mi profundo agradecimiento al Francisco Aguiar por aquellos magníficos e inolvidables tres cursos. 1989-1992



Portada da revista do Instituto «Papeis Morea», da que Rafael Alonso foi coordinador.

Instituto «Francisco Aguiar» de Betanzos. 50 aniversario: 1952-2002.

ANTONIÑO E AS REFORMAS EDUCATIVAS

*Fermín Álvarez Lata**

A importancia de Betanzos dentro dunha determinada zona da provincia da Coruña non lle vén dada só por ser cabeza de partido xudicial, senón tamén pola súa influencia comercial, especialmente nos días 1 e 16 de cada mes coas súas famosas feiras.

A principios da segunda metade do século pasado, o coche particular (unha das “pragas” do mundo actual) era un luxo ó alcance de moi poucas persoas en Betanzos e, sobre todo, na súa comarca. Por iso nalgunhas parroquias do concello de Aranga, o que non tiña besta nin bicicleta, se quería ir a Betanzos, tiña que facelo andando ou espera-lo día da feira e ir no bus do Sr. Fernández, onde os pasaxeiros se mesturaban con roladas de ranchos, cestas de ovos, queixos, mazás, etc..

O pai de Antoniño, que era xastre, aproveitaba os días de feira para ir a Betanzos a comprar, toma-los viños e aconsella-los seus clientes na compra dos retallos cos que lles facía os traxes. Non podía ir tódalas feiras porque a súa dona tamén tiña que “baixar” algunha vez a vende-los queixos ou as mazás.

Antoniño era algo pesado e, dándolle a lata a seu pai mentres cosía os traxes, aprendeu a ler coas letras dos envoltorios dos retallos. Cando andaba a cumprilos seis anos, apareceulle o “gusanillo” dun dos vicios que marcaría a súa vida: os xogos de baralla. Seu pai, con moita vista, espetoulle: “Mañá vou á feira a Betanzos e, se hoxe aprendes a dividir por dúas cifras, cómprome unha baralla”. Aquela noite durmiuse un pouco máis tarde, pero valeu a pena porque ó día seguinte chegou a baralla nova.

Mentres os seus pais, obrigados pola situación da economía familiar, foron emigrantes nas Américas, Antoniño tivo a sorte de que pola aldea, onde quedou a vivir cos seus avós, pasaron dúas mestras moi boas. A pesares de ter que

***Fermín Álvarez Lata é Inspector de Educación.**

pelexar con 20 ou 30 persoeiros de 6 a 14 anos, ou máis, que pensaban en todo menos en estudar, conseguiron que ese rapaz, ós dez anos, cando volveron seus pais das Américas, puidera face-lo exame de ingreso no Instituto na Coruña. Antes, de volta na súa aldea, foi unha semana á escola da súa parroquia, pero a mestra chamou a seu pai e díxolle que ela xa non lle podía ensinar máis do que sabía, e recomendoulle que o mandara a estudar co mestre da parroquia do lado.

Este mestre non só tiña os vinte ou trinta alumnos “variados” da súa parroquia; ademais tiña outros vinte que se chamaban “de pago” e que ían alí para ser policía nacionais ou gardas civís; e outros, como Antoniño, para facer uns “estudios xerais”, xa que non podían ir estudar ós Institutos das capitais. Pois nesas condicións, o bo daquel mestre sacou moitos policía e gardas civís e tamén algún bacharel, como o caso do noso protagonista. Non é de estrañar que ese mestre teña hoxe un monumento na praza do Concello de Aranga, á que lle puxeron tamén o seu nome.

No exame de ingreso, ademais doutras pequeneces, había un enorme dictado e unha grandísima conta de dividir. O exame debeu de saír ben porque Antoniño aprobou; ou sexa, que deron o seu froito os papeis dos envoltorios, a baralla nova, e tamén sería inxusto esquecerse dos bos mestres e da enciclopedia Álvarez, na que cabían todas esas cousas que despois chamariamos “asignaturas”.

Despois de superado o exame de ingreso, Antoniño fixo por libre, con ese marabilloso mestre, tres dos catro cursos do Bacharelato Elemental, aprobando tódalas asignaturas no primeiro exame, salvo a Educación Física polo pánico que lle tiña ó salto interior do potro. Este suspenso custoulle un dos desgustos máis grandes da súa vida, xa que seu pai queimoulle unha “valiosísima” colección de caixas de mistos coas caricaturas dos futbolistas máis famosos da época. A colección estaba practicamente completa, xa que só lle faltaba a gran “saeta rubia” (Don Alfredo).

A forma de traballar con aquel mestre consistía en recibir uns poucos minutos de explicación individualizada ó longo de toda a xornada (non podía ser doutra maneira, xa que eran corenta alumnos, cada un co seu temario particular), e despois o traballo persoal de cada un alí na escola ou tamén no resto da xornada se se podía. Concretamente no caso de Antoniño, chegaba á súa casa e tiña que axudar a coida-las vacas e noutras tarefas agrícolas; só lle deixaban libre a tarde do domingo para escoitar na radio os partidos e tamén para face-las láminas de Debuxo.



1995. Acto de entrega de premios da Sexta Edición do Premio de Poesía e Relato Curto «Francisco Aguiar». De esq. a der.: Antonio Barros, Sonsoles Fernández, Fermín Álvarez (autor desta colaboración), Xosé M. Montero, Concha Castro, Pedro Rodríguez, José A. Miguez, Manuel Justo Vázquez, ? e Xulio Cuns.

Facíase a matrícula por libre e acudíase ó Instituto Masculino da Coruña para face-los exames en xuño e setembro. Era xogarse todo a un exame, e para colmo de desgracias, no primeiro curso os exames foron orais, diante dun tribunal formado por catro ou cinco membros e tendo detrás unha especie de grade-río onde estaban os demais alumnos e os seus acompañantes. Como anécdota significativa da traxedia que iso representaba para un rapaciño de once anos, dunha aldea de Aranga, pódese conta-lo acaecido no exame de Matemáticas: os alumnos anteriores non tiveran moita sorte e o tribunal estaba algo cabreado; como as primeiras preguntas lle foron saíndo un pouco ben, ó presidente do tribunal non se lle ocorre outra cousa que botar man do refraneiro castelán e soltarlle: “Por fin mi perro cogió una mosca”. O rapaciño, que de castelán andaba moi xustiño e o refraneiro ignorábao totalmente, pensou que lle chamaba “papamoscas” e os nervios non lle permitiron chegar ó sobresaliente, e quedouse co notable.

Cando chegou a hora de empeza-lo último curso do Bacharelato Elemental, un acontecemento na familia de Antoniño veu cambiar sustancialmente a súa vida, sobre todo no aspecto académico. Casou unha tía súa e foise vivir á Coruña, levando con ela ó rapaz para poder estudar por oficial no Instituto Masculino.

Instituto «Francisco Aguiar» de Betanzos. 50 aniversario: 1952-2002.

A vida do rapaz cambiou bastante con resultados de todo tipo; desde logo gañou en comodidade. No plano académico, xa o indicaremos máis adiante, e no resto do acontecer diario tamén. Porque agora, ó saír do Instituto, o único traballo a facer era de tipo académico; e cando quedaba tempo libre de face-los deberes, empregábo para xogar ou estar cos compañeiros da rúa.

Pero en principio non foi todo de cor de rosas, porque a incorporación dun rapaciño de Aranga á gran urbe de “La Coruña” traía pequenos problemas de adaptación, como, por exemplo, os de tipo idiomático. O acento de “paletiño da aldea” non “fardaba” entre a xuventude coruñesa dos anos sesenta, senón que máis ben marcaba e traía roces cos elementos máis “finolis” das pandillas.

Desde o punto de vista académico, o cambio foi radical, porque agora para cada asignatura había un profesor licenciado e que dedicaba a súa hora a explicar ou a outros mesteres, pero sempre dentro da mesma materia e para tódolos alumnos presentes no local, porque todos, en teoría, tiñan as mesmas necesidades e os mesmos intereses. ¡Que fácil ser profesor aquí se comparamos co famoso mestre de Aranga!.

E así rematou Antoniño aquel Bacharelato Elemental no que había todo tipo de asignaturas, desde Matemáticas ata Latín, e desde Educación Física ata Formación del Espíritu Macional (Política). Rematado o último curso (o 4º), facíase unha reválida, que consistía nun exame de case tódalas materias, feito por profesores diferentes; isto significaba unha nova memorización dos temas, e ó aprobala daban o título de Bacharelato Elemental.

Cando empezaba o Bacharelato Superior, (en 5º curso), o alumno tiña que decidirse por Ciencias (Matemáticas e Química) ou Letras (Latín e Grego); esta separación continuaba en 6º curso e con el terminaba o Bacharelato Superior. Tamén para conseguilo título de Bacharelato superior había unha nova reválida.

Para poder entrar na Universidade, era necesario facer outro curso que se chamaba Preuniversitario (Preu), onde por suposto seguía a división entre Ciencias e Letras. Ó rematar este curso, facíase un exame na Universidade, que, ó aprobalo, daba dereito a entrar nunha carreira universitaria.

Todos estes estudos que fixo o noso protagonista corresponden na súa gran parte ó sistema educativo deseñado pola “Ley de Ordenación de las Enseñanzas Medias” de 1953. Características fundamentais pódense considerar que en condicións normais desde os dez anos o alumno estudiaba nun Instituto con profesores licenciados na correspondente asignatura; o alumno sufría catro exames extraordinarios a cargo de profesores diferentes ós seus habituais, co

correspondente repaso e memorización dos temas; e a especialización en Ciencias ou Letras empezaba arredor dos quince anos co Bacharelato superior.

Aquel gran mestre de Aranga tantas veces citado convenceu (con grande loita) ó pai de Antoniño de que o rapaz non podía facer Maxisterio porque era bo para as Matemáticas; e, polo tanto, acabou estudiando Matemáticas na Universidade de Santiago.

Mentres estudiaba a carreira, o rapaz (xa Antonio a secas) namorouse dunha moza da súa aldea que estudiaba no Instituto de Betanzos; e así tomou contacto por primeira vez con este Instituto, xa que algunha vez foina buscar á mesma aula onde estudiaba. Por aquel entón, aínda non había coches na familia nin entre os amigos; pero si había xa un autobús tódolos días para “baixar” a Betanzos. Antonio utilizaba ese autobús para baixa-los domingos a estar coa súa moza; paseaban polos soportais (soportando as miradas despreciativas ou cando menos indiferentes dos “capitalinos” de Betanzos, que por nada do mundo querían “contaminarse” cos “aldeanos” dos arredores); vían unha película nalgún dos cines que había, ou ían bailar ó Rei Brigo ou á única discoteca que había nunha cafetería na rúa do Rollo.

Ó remata-la carreira, Antonio empezou a dar clase de Matemáticas, primeiro no ensino privado e despois no público. E precisamente ó empeza-la súa etapa como profesor tivo que despedir os últimos alumnos que seguían o sistema educativo que el seguira como estudante; e, por outra parte, empezar cos primeiros alumnos que xa facían o B.U.P. (Bacharelato Unificado e Polivalente) nacido da “Ley General de Educación” de 1970.

Os cambios fundamentais que traía esta lei eran que o alumno estudiaba cos mestres a Educación Xeral Básica (E.X.B.) desde os seis anos ata os catorce; aínda que nos últimos anos (5º, 6º e 7º), que formaban a segunda etapa da E.X.B., cada mestre impartía unha materia. Ademais na maioría das localidades xuntábanse as escolas nun colexio, e alí cada mestre daba un curso e, polo tanto, traballaba con alumnos do mesmo nivel. Arredor dos catorce anos, o alumno remataba e E.X.B. e dáballe (sen ningún tipo de exame) o título de Graduado Escolar. A continuación empezaba o B.U.P., que, se estaba no ensino público, xa tiña que facelo nun Instituto e con profesores licenciados en cada materia.

Este bacharelato quedaba reducido a tres cursos, nos que durante os dous primeiros estudiábanse materias de todo tipo, desaparecendo con respecto ó anterior a Política e aparecendo outras como a E.A.T.P. (Ensinanzas e Actividades Técnico Profesionais), e máis tarde a Lingua e Literatura Galegas. A división entre Ciencias e Letras aparecía en terceiro e último curso do B.U.P., que, ó

rematalo, daba dereito ó título de Bacharelato, tamén sen ningún tipo de reválida. Ou sexa que, a diferenza do sistema anterior, onde había tres exames extraordinarios feitos por profesores diferentes dos habituais, agora acadábase o título de Bacharelato sen ningún exame extraordinario, e en moitos casos sen saír do colexio onde o alumno empezaba os seus estudos. Iso si, ó rematalo Bacharelato, para entrar na Universidade tiñan que facer outro curso chamado Curso de Orientación Universitaria (C.O.U.) e, ó rematalo, viña o único exame extraordinario, a famosa Selectividade.

En canto ó aspecto metodolóxico, tamén significou o novo sistema, unha tendencia a unha maior comodidade para o alumno. Cando Antonio empezou a dar clase, o Xefe de Estudos do Colexio díxolle que tiña que actuar como Xefe de Seminario de Matemáticas, e, polo tanto, unha das funcións era analizar os exemplares dos libros de texto que enviaban as distintas editoriais. No desempeño de tal cometido, Antonio quedaba asombrado de ver como na maioría dos libros o esforzo que se lle pedía ó alumno para resolver unha cuestión ou un problema, consistía en colocar unha palabra ou un número nun espazo sinalado con puntos ou cunha raia.

Se a ese ambiente de máis comodidade se lle vai unindo, co paso dos anos, unha democracia nacente e mal interpretada, onde só se fala de dereitos pero non de obrigas, co cambio que iso supón na sociedade, nas relacións dentro da familia e tamén nas relacións alumno-profesor, todo iso trae consigo un importante cambio nas aulas e nos centros.

Nese clima, engadíndolle un cambio político significativo no país e, por conseguinte, a necesidade de cambiar cousas (e ¡como non! a Educación), vaise fraguando a Lei Orgánica de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (L.O.X.S.E.) de 1990.


Esta lei aparece cando Antonio, xa adaptado á Lei Xeral de Educación, deixara o ensino privado, pasara ó público, e neste xa pasara por distintos cargos directivos e chegara a Director, convencido con ese sistema educativo tan distinto ó que el estudiara.

E cando chega a hora de aplica-la L.O.X.S.E., Antonio teno que facer xa como Inspector. Precisamente nos seus primeiros pasos nesa nova función, toma contacto por segunda vez co Instituto de Betanzos, onde atopa unha das Xuntas Directivas ideais (sabios e prudentes) para un Inspector novato; por iso quedou moi agradecido a persoeiros como Lourdes Blanco, Xosé Manuel Montero, Antonio Barros, Pedro Rodríguez, e outros.

A L.O.X.S.E. recórtalle dous anos á E.X.B., converténdoa nunha Educación Primaria de seis anos (tres ciclos de dous cursos), e mete ós rapaces nos Institutos ós 12 anos para face-la E.S.O. (Educación Secundaria Obligatoria) de catro anos, que ó rematala dá o título de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria. O conxunto destas dúas etapas forma o ensino obrigatorio, que, polo tanto, chega ata os 16 anos. Igual que no sistema anterior, tampouco hai ningún exame extraordinario, pero ademais agora as posibilidades de “repetir” para un alumno redúcense en condicións normais a un curso en cada unha das etapas. Isto pode significar que o alumno regular ou malo, que nos seus cálculos iniciais considere “aceptable” ese grao de repetición, xa pode dedicarse a outros mesteres nada beneficiosos para un bo clima na aula que permita ós profesores transmitir algúns coñecementos. Incluso, para rematala, as promocións ó final de cada curso pódense facer, na maioría dos casos, con algunhas materias “abandonadas”.

Para remediar algo iso da adquisición e memorización de coñecementos, veñen arredor dos dezaseis anos dous cursos de Bacharelato, nos que o alumno pode elixir entre catro modalidades: as Ciencias e as Letras de antes, e tamén a Tecnoloxía ou as Artes. Os profesores tratarán nestes dous cursos de que algúns dos alumnos adquiren os coñecementos mínimos para que poidan supera-la Selectividade e entrar na Universidade. Pero, a pesar do cambio de esixencia e tamén de actitude, vai resultar difícil aproximarse ó nivel de coñecementos de etapas anteriores, aínda que sexan as máis próximas.

Así foi de curiosa a relación de Antoniño coas reformas educativas. Unha tocoulle estudiala como alumno, outra explicala como pro-



Portada do libro que recolle os traballos premiados na Quinta Edición do Premio de Poesía e Relato Curto «Francisco Aguiar».

Instituto «Francisco Aguiar» de Betanzos. 50 aniversario: 1952-2002.

fesor; e a última, como Inspector, axudar a implantala. Tendo en conta a evolución que seguiron as reformas, é para pensar que o noso protagonista aínda sería máis afortunado se puidera darlle a volta á Historia. Colle-la “fácil” L.O.X.S.E. como alumno e acabar naqueles tempos de “orden e mando” como Inspector implantando a Lei do 1953. O único perigo sería que o alumnado do Bacharelato Elemental podería ter un nivel de coñecemento parello ó do Sr. Inspector.

O BURRO DE MEREXILDO

*Marcelino Álvarez López**

Merexildo e Matilde eran un matrimonio xa maduro, moi feliz e afortunado. Deus non lles concedera a ledicia de ter fillos, para acadar a felicidade completa neste mundo, pero, pola contra, si que lles concedera o gozar dunha saúde sen límite e dunha situación económica sa e desafoxada.

Merexildo acadou da herdanza de seus pais, ademais da casa onde o matrimonio vivía, unha máis que regular agra que a rodeaba e onde estaban instalados os seus arrimos para ter os aveños da labranza, unha palleira onde metían a palla e a herba seca para dar de comer ó gando durante o longo inverno que, normalmente, temos no noso país, e as cortes do gando; un bo fato de leiras e prados, e unha boa serie de montes ben repoboados de pinos, que compoñían un capitaliño moi apañado.

Matilde, pola súa parte, tamén herdara unha casiña, onde viviran seus pais, casa feita non había moito tempo, xa que seu pai fora emigrante, primeiro en Cuba, logo en Venezuela e finalmente nos Estados Unidos de Norteamérica onde asentou e tivo unha longa estadía e aforrou, primeiro para facer unha casiña, e logo -dólar a dólar- ata xuntar unha boa presa de cartos, fortuna que ó finar seus pais pasou, como non, ás mans de Matilde; e isto engadido ó capitaliño que posuía o Merexildo e ás súas pensións de xubilación, fixo un xuntoiro que levou a Merexildo e a Matilde a disfrutar dunha boa situación económica, como deixamos dito.

Merexildo e Matilde, dada a súa situación económica e a súa envexable saúde, disfrutaban da vida todo o que podían, sempre -claro está- dentro das súas preferencias. Gustáballes moito acudir ás festas e verbenas que se organizaban nas parroquias do arredor da súa residencia e aínda máis lonxanas, e eran daqueles que máis seguen a determinada orquestra e seguen as súas actuacións por toda a bisbarra; e tamén eran unha desas parellas que

***Marcelino Álvarez López foi Profesor de Educación Física no Instituto “Francisco Aguiar” de Betanzos desde o curso 1964-65 ata o curso 1992-93, ambos inclusive.**

todos os anos facían unha ou dúas viaxes das programadas polo “INSERSO” para disfrute dos nosos maiores, co cal ían coñecendo a maior parte do noso país, outras culturas e -sobre todo- outros costumes.

Pero neste mundo todo chega ó seu fin, e aquela felicidade da que disfrutaban Merexildo e Matilde viuse truncada por un accidente. Resulta que unha mañanciña Matilde foi ó cortello onde estaba o burro que tanto lles tiña axudado nas tarefas do agro, e do que nunca se quixeran desfacer, para botarlle unha presa de herba e un pouco de penso, cando o animal se revirou contra Matilde sen causa que o xustificara, pois sempre fora moi dócil, e sacudiulle un couce, con tan mala fortuna que acabou coa vida de Matilde.



Debuxo de Antonio Palla Cabana. Profesor de Ensinanza Primaria, estudiou o Bacharelato no Instituto Laboral “Francisco Aguiar” de Betanzos. Colaborou, coas súas viñetas e caricaturas, no “El Ideal Gallego” e Betanzos e a súa comarca. Colabora asiduamente no pintado do globo de Betanzos e realizou diversas exposicións da súa obra, e tamén prestou a súa colaboración para ilustrar diversos libros.



1990. Acto de entrega de premios da Primeira Edición do Premio de Poesía e Relato Curto «Francisco Aguiar». De esq. a der. (de fronte): Luis Sevilla, Marcelino Álvarez (autor desta colaboración) e Enrique Mariño.

O desgusto de Merexildo non é para describilo; o accidente deixouno sumido nunha depresión da que tardou moito tempo en sobrepoñerse, e así mesmo hai que resaltar que a repercusión do accidente calou moi fondo no ánimo da veciñanza, xa que, tanto Merexildo como Matilde, gozaban de gran aprecio na bisbarra onde vivían, dor que se fixo patente no enterro de Matilde e nas exequias feitas na parroquia para pedir polo seu descanso, e onde a asistencia de amigos e veciños foi moi numerosa.

Eu seguí todos estes feitos moi de preto, e chamoume moitísimo a atención que, unha vez rematado o funeral, que como dixemos se celebrou na parroquia na honra de Matilde, foron moitos, moitos, os homes que se acercaban a Merexildo para facerlle presente o seu pésame, e todos, todos, lle murmuraban algo ó seu oído.

Aquilo a min picoume na curiosidade, e cando tiveren modo, achegueime tamén ó pé de Merexildo, fíxenlle presente a miña condolencia e logo espeteille; “Merexildo, podes estar satisfeito, xa que non faltou ninguén dos arredores nin ó enterro nin ó funeral, o que demostra a cantidade de amigos que, tanto Matilde coma ti tedes, así como o agarimo que a ambos os dous vos teñen, pois todo o mundo quixo facervos presente o seu pésa-

me; o que non sei é o que che dirían a maior parte dos homes cando ían despedirse, pois todos che susurraban no oído”.

-¡Non era para despedirse!, -dixo Merexildo-. ¡Preguntábanme se lles podía prestar o burro unha temporadiña!.

-¡Ah!, -dixen eu-. ¡Agora queda aclarado!.

RADIO INSTITUTO LABORAL DE BETANZOS

*Marcelino Álvarez López**

¡MINISTERIO DE EDUCACIÓN NACIONAL!. ¡DIRECCIÓN GENERAL DE ENSEÑANZA LABORAL!. EMISORA DEL CENTRO DE ENSEÑANZA MEDIA Y PROFESIONAL “FRANCISCO AGUIAR” DE BETANZOS. Así comenzaba diariamente sus emisiones Radio Instituto Laboral de Betanzos, y todo esto sobre una sintonía musical de un fragmento de la “Rapsodia Húngara nº2”, de J. Brahms.

La emisora estaba instalada en dos pequeñas salas del antiguo convento de Santo Domingo, y comenzó sus pruebas allá por el año 1954, aunque -oficialmente- no comenzó a emitir hasta el año siguiente, o sea, 1955. Funcionaba con una potencia de 100 vatios y una fre-



Xuño 1960. Parte del equipo de Radio Instituto Laboral de Betanzos. De izq. a der.: Manuel Rosende Varela (técnico), Sofía Romero López (locutora), Ángel Vídela Amor (técnico), Julia Ribas Vello (administrativa) y Francisco Carlos Seijo Rodríguez “Carlines” (locutor).

***Marcelino Álvarez López fue Profesor de Educación Física en el Instituto “Francisco Aguiar” de Betanzos desde el curso 1964-65 hasta el curso 1992-93, ambos inclusive.**

Instituto «Francisco Aguiar» de Betanzos. 50 aniversario: 1952-2002.



Francisco Carlos Seijo, «Carlines», locutor de Radio Instituto Laboral de Betanzos y profesor de Dibujo en el Instituto Laboral «Francisco Aguiar» de Betanzos.

cuencia de 1256 kilociclos, y su horario de emisión, en un principio, era: de 13,30 a 15,00 horas en el mediodía, y de 22 a 23 horas por la noche. Luego este horario sufrió variaciones y se prolongó un poco su horario de funcionamiento, según nos contaba aquel buen amigo que fue Celestino Luis Crespo y Crespo, en un reportaje publicado el día 12 de agosto de 1960 en el diario compostelano “La Noche”.

La emisora de Radio Instituto Laboral de Betanzos desarrolló una muy importante labor de divulgación cultural y agrícola principalmente en la comarca brigantina, zona de su mayor cobertura, aun cuando se tenía noticia de que también era posible sintonizarla en las zonas de Ferrol y La Coruña.

La emisora de Radio Instituto Laboral de Betanzos fue, durante sus años de existencia, un complemento importante a la labor formativa del Centro, y el profesorado del mismo tomaba parte activa en los programas, orientando así la marcha de la misma.

Era tema de interés primordial el tratar las noticias locales y comarcales y llevar al ámbito de toda la comarca mariñana toda cuanta información y divulgación cultural, y muy especialmente agrícola-ganadera, llegaba a la misma.

La dirección de la emisora estuvo siempre vinculada a la dirección del Centro, pero en este capítulo es necesario resaltar la labor que dentro de Radio Instituto Laboral de Betanzos llevó a cabo su primer director y alma mater de la emisora, D. Agustín Folla Leis, quien fue el que, verdaderamente, logró que la emisora saliese al aire; él fue quien hizo el montaje de la misma y quien contó siempre con el apoyo entusiasta del, en aquel entonces, director de la Escuela de Enseñanza Laboral, Sr. Rodríguez de Valcárcel; del Director de Enseñanza Laboral, D. Guillermo Reina y Medina;

y la del Jefe de los Servicios De Radio de la Dirección General de Enseñanza Laboral, D. José Luis García Velasco, sin cuyas colaboraciones nunca la emisora habría podido llegar a ser una realidad.

En un principio, la emisora de Radio Instituto Laboral de Betanzos contaba entre su personal técnico -además de con D. Agustín Folla Leis-, con Manuel Rosende Varela y Ángel Videla Amor, a los cuales se unió posteriormente Eusebio Tenreiro García (actual director de Radio Betanzos); y como locutores: la señorita Sofía Romero López, que posteriormente pasó a la emisora que la Cope tenía en Ferrol, y Francisco Carlos Seijo Rodríguez "Carlines"; y como administrativa, la señorita Julia Rivas Bello.



Lolita Cancela Picado y José Luís de Tena Nogueroles, segunda pareja de locutores de Radio Instituto Laboral de Betanzos, en una actuación cara al público.

Pasado algún tiempo, Francisco Carlos Seijo cambió de residencia, fijándola durante algún tiempo en tierras catalanas, concretamente en Tarrasa, y le sustituyó en sus funciones José Luis de Tena Nogueroles, quien posteriormente pasó a formar parte de E.A.J. 41 Radio Coruña y luego a Radio Nacional de España en La Coruña (donde recientemente acaba de jubilarse), y con motivo de ese traslado, ocupó su plaza José Verdes Pena, que la desempeñó con brillantez -¡hay que decirlo!- hasta el cierre de la emisora, en la primera decena del mes de junio de 1966. Por la que concierne a la parte femenina, cuando Sofía Romero pasó a la Cope, ocupó su plaza Lolita Cancela Picado, y, cuando ésta cesó -por motivos particulares-, se incorporó Carmen María García Martín.

Es menester poner de relieve que Radio Instituto Laboral de Betanzos fue la primera emisora laboral de España, y desde sus equipos técnicos se contribuyó al montaje de emisoras de los Institutos Laborales de Noya, Bermeo, Santoña, Sanlúcar de Barrameda y Medina del Campo. Precisamente esta última, como nos dice Celestino Luis Crespo, fue inaugurada con motivo de la celebración del X Aniversario de la implantación de la Enseñanza Laboral en España.

La emisora de Radio Instituto Laboral de Betanzos, además de la colaboración del profesorado del Centro, contaba con colaboraciones de personas ajenas al Instituto, entre las que recordamos a Antonio Concheiro Caamaño, que tenía a su cargo varios espacios fijos, entre los que destacaremos: “Epístolas a Mr. Iwicchst” o “Cinco Jurados Juzgan”; a la señorita Margarita Lafont Núñez, que realizaba comentarios bajo el título genérico de “La Tierra gira”; el doctor D. Jesús Gundín Hurtado, que realizaba “Divulgaciones Médicas”; se emitían programas de divulgación cultural remitidos por la Casa de América, perteneciente a la embajada de los Estados Unidos de Norteamérica en Madrid, y de la Fonoteca del Ministerio de Educación Nacional; programas de divulgación religiosa a cargo de un asesor religioso; la Sección Femenina, que desarrollaba el programa “Teresa”;



Francisco Carlos Seijo “Carlines” (locutor), Manuel Rosende Varela y Ángel Vídela Amor (Técnicos) de Radio Instituto Laboral.

Instituto «Francisco Aguiar» de Betanzos. 50 aniversario: 1952-2002.

las emisiones deportivas, que estaban a cargo de Pedro Carro y Eusebio Tenreiro; las divulgaciones agro-pecuarias que desarrollaban técnicos agrícolas y ganaderos; “La entrevista de la semana”, que realizaba todos los sábados Francisco Carlos Seijo “Carlines”, el popular y polifacético “Carlines”, aficionado a todo cuanto se relacionase con el arte, la literatura, el teatro, la música, etc., etc., etc., un etcétera así de largo, porque no sería posible recoger en este pequeño y modesto trabajo las actividades que el amigo “Carlines” era capaz de realizar. Incluso fue Profesor Interino de Dibujo en el Instituto Laboral “Francisco Aguiar”, y aunque “Carlines” no era de esas



Lolita Cancela Picado, locutora de Radio Instituto Laboral de Betanzos, y Emilio Díaz, colaborador de dicha emisora y locutor de Radio Nacional de España en La Coruña, en una actuación cara al público.

personas que se ponen nerviosas ni para hablar en público ni para hacerlo ante un micrófono, cábenos recordar una anécdota que, posiblemente aquel día estuviese nervioso y fuese la causa de lo que relatamos a continuación, anécdota que él siempre contaba con hilaridad. Resulta que un día, al anunciar la emisión de la zarzuela “La Alegría de la Huerta”, va y dice: “Seguidamente escucharán ds. Unos fragmentos de la zarzuela: LA ALEGRÍA DE LA MUERTA”; y se quedó tan tranquilo. Después de todo, las palabras se las lleva el viento. Además de todos cuantos hemos nombrado como colaboradores, habría que añadir un sin fin de personas que siempre estaban listas para realizar cualquier colaboración o participar en actividades programadas, como lecturas teatrales, debates sobre temas de rabiosa actualidad como los que se desarrollaban en el programa “Cinco Jurados Juzgan”, que dirigía Antonio Concheiro Caamaño y en el que participaban dos

equipos de cinco personas cada equipo, etc., etc., y entre cuyas personas podríamos citar a: D. Ramón Carballal Pernas, D. Julián Marcos Alonso, Jaime Concheiro del Río, Julio Cuns Lousa, Marcelino Álvarez López, y tantos y tantos que siento no recordar ya, pero que espero no se sientan agraviados por no citarlos aquí; de todas maneras les pido perdón. O también nos ofrecían actuaciones musicales, como en más de una ocasión ofrecieron aquellos formidables músicos como eran Carlos González, Manolo Iglesias y Maceiras a la batería; o los hermanos Muñoz Vales y Julio Cuns; y aquí quiero añadir -y no quiero que se me olvide- la colaboración semanal que hacía “en nuestra emisora” aquel “monstruo” de la radio que era Emilio Díaz, popular locutor de Radio Nacional de España en La Coruña, que alternaba en su trabajo nada menos que con Enrique Mariñas y Genebrardo Valadrón (¡casi nadie ante los micrófonos!). Y dejar constancia de que, diariamente, se emitían los datos meteorológicos obtenidos de la estación termopluviométrica establecida en el Centro.

Y todo esto, que hoy nos parece que fue un sueño, finalizó -como queda reseñado anteriormente-, en la primera decena del mes de junio de 1966, dado que las disposiciones vigentes que en aquellas fechas entraron en vigor, obligaban a todas las emisoras como la de Radio Instituto Laboral de Betanzos, a cambiarse a “frecuencia modulada”, y ese cambio llevaba aparejados una serie de gastos que el Centro no podía afrontar. ¡Así se consumó la desaparición de Radio Instituto Laboral de Betanzos!; como diría José Verdes, su último locutor: “La Voz de las Mariñas, la más musical”.

RECUERDO DEL INSTITUTO

*Manuel Ares Faraldo**

El día 17 de noviembre del año 1970 fui nombrado Profesor Numerario de Religión del Instituto “Francisco Aguiar” de Betanzos con el sueldo anual de 24.000 ptas. Más dos pagas extraordinarias los meses de diciembre y julio con la dedicación de veinticuatro horas lectivas semanales; y tomé posesión del cargo el primero de diciembre del mismo año.



Manuel Ares, autor de esta colaboración, a la entrada del antiguo edificio del Instituto «Francisco Aguiar».

***Manuel Ares Faraldo es cura-párroco de San Martín de Tiobre y fue profesor del Instituto “Francisco Aguiar” de Betanzos.**

Instituto «Francisco Aguiar» de Betanzos. 50 aniversario: 1952-2002.

Me jubilaron el 30 de septiembre del año 1994.

Una de las gracias que tengo que dar a Dios y a los hombres es el haberme destinado a la enseñanza desde que salí del Seminario: en La Estrada, en Sucre (Bolivia), en el Seminario Menor de Belvís (aquí poco tiempo), y en el “Francisco Aguiar” de Betanzos.

El estar con gente joven rejuvenece, te agiliza física y mentalmente, te espabila; ves cómo piensan, hablan, sus preocupaciones y, si además, les puedes ayudar en algo, mucho mejor.

¡Qué buen ambiente! ¡Qué buenas personas entre profesores(as), alumnos(as)!. ¡Qué bello y buen edificio! Yo que venía de un país pobre donde no había pupitres para todos los alumnos y bastantes tenían que estar de pie durante todas las clases...¡Qué cambio para bien! Eso sí; no me gustaba ver bocadillos a medio comer tirados en las papeleras.

¡Qué buenas amistades no sólo con profesores(as) sino también con alumnos(as) y que todavía conservo! A algunos casé y a otros tristemente enterré.

Solamente tengo buenos recuerdos y ninguno especial malo.

Tengo añoranza, nostalgia, morriña de aquel primer edificio tan elegante y funcional y que hace unos cuantos años inconscientemente derrumbaron para edificar otro nuevo donde se instalase lo que hasta hace poco se llamaba Formación Profesional.

Recuerdo con agrado aquellas amistosas comidas con motivo de la Navidad, Carnavales o en la fiesta de nuestro patrón Santo Tomás de Aquino; los partidos de fútbol entre profesores y alumnos, alguna excursión a través de España, aquellas confidencias en los ratos libres, las ansias de saber de la mayoría de los alumnos(as).

O tempora! O mores! Según la famosa expresión de Cicerón en la primera Catilinaria. “Tempora si fuerint nubila, solus eris”: si las circunstancias te fueran adversas, te encontrarás solo; la frase de Ovidio. No me encontré solo, porque las circunstancias me fueron favorables.

Aun ahora, de vez en cuando, doy una vuelta por el Instituto “Francisco Aguiar” de Betanzos para rejuvenecerme

¡Aúpa Instituto en tus bodas de oro!.

¿COÑECEMENTO OU SABEDORÍA? E OUTRAS REFLEXIÓNS NA UNIVERSIDADE DA VIDA E AS VIAXES.

*Xabier Ares García “Japy”**

Podería, nesta humilde colaboración, relatar moitas anécdotas dos meus tempos do instituto como cando os sábados de mañá, e aínda estudiando en E.X.B., meu primo Jesús (Churufo) e eu xogábamos ao baloncesto na pista de herba e pizarra do antigo instituto Francisco Aguiar. Nun deses días, Cheché o irmán de Jesús (e hoxe en día mestre do instituto), ofrecéusenos para entrenar un equipo de baloncesto, nesa mesma mañá percorremos de bici toda a cidade tentando convencer aos amigos para unirse ao equipo. Resultounos ben doado, e cun pouco de tempo, traballo e unha infinita ilusión aquilo converteuse no equipo infantil do Santo Domingo, entidade ben coñecida por todos os brigantinos de hoxe... pero agora xa non existe máis aquela pista de terra e pizarra, arredor da cal tamén demos moitas voltas os membros do antigo clube de atletismo Flavium. Pero hoxe cada vez que vou ao Instituto, e por sorte vou a miúdo xa que sigo sendo un fiel colaborador das actividades educativas do centro gracias á sensibilidade do equipo rector, lémbrome especialmente de un día.

Eran os anos 80, clase de relixión, aula de 2º B de BUP, nunha mañá calquera do longo inverno brigantino. Estaba eu sumerxido nos meus soños, como tantas outras veces e tantos outros compañeiros, na clase de D. Manuel Ares, ou Tupamaro para os alumnos. Pero por sorte “baixei da órbita” (como diría o noso profe de Historia D. Antonio Barge) no momento xusto en que D. Manuel estaba dando unha verdadeira “clase maxistral sobre a vida” (como diría o noso xenial profesor de literatura e latín D. Antonio Miguez). O noso cura/mestre, home viaxeiro e polifacético, estaba contando anécdotas dos seus anos en Sucre (Bolivia), onde pasou dúas décadas ao servizo da igrexa, se non me lembro mal alá polas décadas dos 50, 60 e 70. Conecteime en seguida, e como veredes aquela aula acabou marcando en gran medida a miña vida.

Xabier Ares García “Japy” é viaxeiro e aventureiro.

Instituto «Francisco Aguiar» de Betanzos. 50 aniversario: 1952-2002.

Foi a primeira vez que oín falar do Betanzos de Bolivia, aquilo foi como un trauma para alguén que xa pasaba horas nas clases plantexándose deixar de estudar, ¡e non precisamente para traballar!, debido ao descontento co sistema e o contido das materias. ¿Como pode ser que un escolar betanceiro de 16 anos non coñeza a existencia da súa cidade homónima? Souben da existencia de Betanzos non porque estea nos programas de estudio, senón pola casualidade, ¿ou debería dicir gracias a D. Manuel, ou gracias a Deus? Ben, sen meterse en debates o caso foi que tomei boa nota mental de todo o que o Tupa contaba, describía e escenificaba sobre a cidadeciña andina. Pasei o resto da mañá viaxando mentalmente polo altiplano boliviano, Sucre, Potosí, e no medio das dúas cidades coloniais, Betanzos. Parece ser que os seus habitantes non eran os famosos incas que durante séculos dominaron toda a cordilleira, alí predominan os aymaras e en menor medida os quéchuas. Co tempo relaxeime no asunto, pero non o esquecín, ate cheguei a achegarme, pola primeira vez como cidadán, ao concello para indagar máis sobre o asunto. Preguntei polo Betanzos de Bolivia e case me responden que Betanzos está en España e non en Bolivia. En fin, pasaron uns poucos anos, nos que definitivamente deixei de estudar en C.O.U., e fun adquirindo máis e máis currículo como viaxeiro e escalador xunto a amigos tan autodidactas coma min. Por certo a maioría ex-alumnos do instituto, e por desgracia algún deles xa falecidos como Carlos (Tintas) e Pablito (Sarria) ós que lles dedico estas historias. Entre eles estaba o coñecidísimo e hiperactivo José Antonio Turnes, “O Pelirroxo”, quen daquela cando fundabamos o primeiro clube de montaña de Betanzos, “A Espenuca”, e conversabamos do futuro e de como financiarnos para escalar dicía: “Rico en Betanzos é aquel que ás 11 da mañá pode ir a Chelo a darse un baño de río”. Hoxe síntome moi feliz de ver como el non tardou en triunfar na vida e hai anos que mora nos Picos de Europa, quizais as montañas máis bonitas da península... e eu por sorte teño, xa na treintena, o meu primeiro domicilio estable precisamente en Chelo. Dentro dese pequeno currículo viaxeiro encontrábanse infinitas acampadas e escaladas nos arredores de Betanzos, Os Ancares, O Courel e as principais zonas de escalada de Galicia. Tamén foi medrando alén das nosas fronteiras incluíndo Gredos, Pirineos, o Atlas marroquí, os Alpes e as remotas montañas da Turquía e o Kurdistan. As visitas, con dous duros no peto e moita ilusión, a case todos os países da Europa e máis de medio ano de morando no Reino Unido combinando a estancia con escaladas e a práctica de deportes radicais de recente creación.

Foi neses tempos en que me chegou á man a segunda casualidade, a bici de montaña. Dela disfrutamos a tope na nosa incomparable comarca antes de



1986. Equipo do Instituto «Francisco Aguiar», gañador do concurso da TVG «Saber e Xogar» do que formou parte o autor desta colaboración (cuarto entre os agachados).

que entrase na moda ata que decidín saltar o Charco para pedalear polas Américas. Si, metéraseme na cabeza ir ao Betanzos de Bolivia de bici cruzando case toda a Iberoamérica dende os EE.UU. ata Bolivia. En casa, por desgracia para os meus sufridos pais, non dei opción. Todo foi rápido, nin falei con D. Manuel e nin co inquieto e querido Rafael Seoane quen estivera había pouco por aqueles lares. Quería que aquilo fose unha aventura de verdade, e canta menos información mellor. Así viaxei na furgoneta do Oscar “O Parrandero” a Madrid, facéndolle compañía e admirándoo no seu traballo diario de 17 horas ao volante, coa idea de encontrar alguén que me patrocinase cunha bici. Non tiven sorte, e aos poucos días estaba na casa de volta decepcionado e coas mans baleiras. No final tivo que ser por mediación do meu grande amigo madrileño Ramón Ricoy, fiel veraneante de Miño e Betanzos e futuro campión de España de duatlón, conseguín esa ansiada bici que me levaría por casi 8.000 kilómetros a través de México, Guatemala, Belice, Honduras, Nicaragua, O Salvador, Costa Rica, Panamá, Colombia, Ecuador, Perú ata o Betanzos de Bolivia. A última hora e como guinda final, tanto o Concello como o clube rotario decidiron axudarme no proxecto, iniciando así unha cordial relación ate hoxe. Tamén cos alumnos do colexio de E.X.B. de Perillo montamos un divertido e lúdico xogo didáctico baseado en envíos de cartas, postais, diapositivas e material didáctico complementario das grandes civilizacións da América e da miña rela-

ción con outros colexios que visitei durante a viaxe (graciñas Fina). Desgraciadamente doutras asociacións brigantinas máis relacionadas co proxecto non puiden conseguir nin un simple culotte, aínda que na verdade eu xa estaba cansado de oír “peros” e “nons”, só me faltaba coller o avión para o sur dos EE.UU. e valor para dar pedais por esa Centroamérica desolada polas guerras civís. Pero se continuo estendéndome acabaría escribindo todas as páxinas deste libro común eu só, así resumindo dicir que nese meu primeiro aventurón de meses e meses todo foi sobre rodas. No Ecuador tiveron a gran alegría de recibir por máis de dous meses e medio a outro amigazo, e tamén ex-alumno do instituto, Antonio Couceiro “Cuquito”. Os dous xuntos xa non paramos ata Betanzos, escalando montañas de 6.000 metros, descendo de kayak comprometidos ríos de augas bravas, galopando a cabalo ou camiñando polas selvas do alucinante Machu Pichu.

Xa na entrada de Betanzos mentres sacabamos unhas fotos no cartel que anuncia a chegada a cidade pedímoslle a un betanceño (alí debido á lingua castelá aos nados e Betanzos se lles chama betanceños e non betanceiros), o primeiro con quen conversamos, que nos sacase unha foto xuntos. Despois da foto conversamos un pouco sobre diferentes curiosidades do individuo:

- ¿E a onde van de bicicleta?
- A Betanzos
- Ah, que bo, xa chegaron. ¿E de onde veñen?
- De Betanzos.
- Non, non - insitiu el pensando que non tiñamos comprendido a pregunta-
?De que lugar veñen?
- E claro nós insistimos.
- De Betanzos.

Ante a súa perplexidade démoslle unha breve explicación de que aquel no era o único Betanzos do mundo, e que ademais o orixinal era o noso e ficaba do outro lado do Charco na Madre Patria. El foise entristecido rumbo á súa casa, acababa de enteirarse de que o seu Betanzos non era único e nós continuamos camiño do centro na busca da nosa referencia na vila. Non demoramos en dar con Don Casimiro Moina Zelaya, home de referencia na vila e de quen pensabamos que era o alcalde, mais simplemente era quen máis ou menos poñía o alcalde como dicía Antonio. Por el e a súa familia fomos acollidos con tal cariño que pronto xuntaron a todo o pobo diante da praza da igrexa a golpe de



Xabier Ares, autor desta colaboración, nunha viaxe ó Amazonas.

campá. Naquela remota vila boliviana sentiámonos como dous extraterrestres recen aterrados con aquelas bicis e as coloridas roupas que usabamos para pedalear alucinabamos a calquera. Máis ou menos así fomos recibidos, rodeados de indíxenas das aldeas de arredor e os betanceños máis curiosos, todos inesquecibles.

No segundo día de estancia o alcalde nomeounos “Huéspedes Ilustres” cun acto de entrega do diploma no salón de actos do concello. No fin de semana asistimos á feira dominical que semanalmente ten lugar no medio da vila, visitamos o frontón municipal, ao cura, a estatua de Coornelio Saavedra (personalidade que naceu en Betanzos e que chegou a formar parte do primeiro goberno arxentino que deu pé á primeira república dese país e que agora dá nome á actual provincia boliviana da cal Betanzos é a capital), e as dúas estacións da vila, a do tren e o inverno.

Neses axetreos pasamos os seguintes días, xa por sorte con máis autonomía, descubrindo os pequenos segredos do lugar. O máis sorprendente deles quizais sexa o de encontrar en calquera tenda de supermercado tres cousas pouco comúns, follas de coca, dinamita e alcohol puro. As follas de coca son de uso tradicional nos Andes, axudan a levar os traballos duros e a fame, en moitos lugares as distancias non se dan en kilómetros se non en follas de coca*1, ou máis ben na cantidade de veces que un require mascar unha nova folla para

sobrelevar o camiño. A dinamita débese a que é de uso común na zona debido a cantidade de minas existentes, de feito en Potosí está a mina de prata máis explotada da historia.*2. E o alcohol puro débese ao gran problema de alcoholismo que existe na zona e aos baixos salarios das persoas que ao non ter diñeiro para bebidas alcohólicas de mellor calidade acaban bebendo ese explosivo que ademais embriaga mais rápido e se gasta menos *3. No seguinte fin de semana chegou o momento máis esperado no ano por todos os betanceños, a “Festa da Papa” (pataca) que se converte no maior evento festivo da comarca, acto apoiado incluso polo goberno central debido a que é aquí que os boliviáns acreditan que é a cuna mundial da pataca.

A festa transforma a vila totalmente, das aldeas veciñas se achegan moitos indíxenas e o ambiente é fantástico. Expóñense centos de variedades de patacas, pequenas, grandes, doces, amarelas, vermellas, grises, especiais para asar, etc. !quedámonos perplexos ante tanta variedade! Presentámonos ao concurso culinario cunhas tortillas de pataca, !e causamos sensación! Non tanto polo sabor das nosas tortillas, senón porque debeu de ser a primeira vez que as “cholitas” (término andino para denominar as mulleres de certa idade) viron a um home na cociña. No acto central da festa fixemos entrega da placa conmemorativa que o Concello nos dera para regalarlles en proba de amizade, e recibimos outra en troques, a cal se encontra hoxe en día no noso Concello. Para nós foron momentos terribles, diante de todo o pobo e coa presenza de varias televisións, as autoridades locais, rexionais e ata o gobernador da Paz tivemos que falar a través da megafonía sen estar en condicións. O porqué debíase a que sendo ese o día grande, comparémolo cos nosos Caneiros, pasamos unha mañá de visitas e presentacións a diferentes autoridades e personaxes, insintíndonos todos eles en beber e comer algo (isto só o vai entender quen estivera na Bolivia) na súa compañía. Agora um pouco de pisco, deste licor gustoso, deste outro que sae dun cactus, etc !ata nos deron o alcohol puro! (e para quen non me crea teño unha foto de Antonio escupindo aquel bebedizo), digamos que toda aquela mesturanza no nos caeu moi ben despois de meses de pedalear sanamente. Así na hora de falarlle a toda aquela xente marabillosa en representación da nosa cidade homónima da Madre Patria nin un nin outro daba pé con bóla, pero como non había escapatoria abalanceime sobre o micro e dei o mellor de min. Só metín a pata no final do discursiño cando quixen adornalo co coñecido “O bo se breve dúas veces bo”, e acaboume saíndo “O breve se bo dúas veces bo”, pero como máis ou menos todos os asistentes estaban igual de felices e desexosos de que a banda militar dese o pistoletazo de saída á festa ninguén notou nada.

En fin, penso que alí deixamos um verdadeiro lazo de unión entre os dous Betanzos que por sorte tivo continuidade cando anos despois Don Casimiro veu visitar ao seu fillo na Francia e acabou visitándonos en Betanzos, podéndolle devolver así a hospitalidade co mellor de nós, e eu aínda me lembro de escribirlles unha postal ou carta nas viaxes que fago, e incluso enviándolles amigos viaxeiros para que visiten o noso Betanzos de Bolivia e a súa riqueza cultural. Dende esa viaxe pódese dicir que xa non son o mesmo ao coñecer durante meses e de primeira man a realidade do chamado terceiro mundo. Isto marcouse e fíxome aínda máis crítico e activo ante as inxustizas socioambientais que os países occidentais implantan nesas sociedades exemplares. Tamén por sorte ou por desgracia nesa viaxe picoume o mosquito “*Nomadus Anopheles*” que o converte a un nun nómada empedernido e sen posibilidades de antídoto. Debido a iso non é estraño que recibira a invitación para colaborar neste libro festivo cando me encontraba no medio da selva amazónica en compañía da miña inseparable Rita. No momento de escribir isto estamos a punto de entrar no territorio indíxena Yanonami, mais non coa idea de perturbar aos indíxenas senón coa idea de explorar unha das zonas máis remotas da Amazonia (e iso quere dicir do planeta enteiro) o parque nacional do pico da Neblina, o cal posúe a montaña máis alta de toda a Amazonia e de todo o Brasil. Alpinisticamente non é comparable a outros cumes que anos atrás alcancei en Sudamérica, como a Aconcagua (teiro de América), o Cotopaxi (o volcán en activo máis alto do mundo) ou tentativas fallidas pero aínda máis comprometidas como o Fitz Roy (na remota Patagonia). Aínda así o ascender esa montaña require outros compromisos coa selva que a circunda. Non falo só dos perigos típicos das selvas virxes e remotas (serpes, illamento, xaguas, ...) senón que inclúo tamén o total respecto ás tribos indíxenas, ao medio virxe, aos moradores das poboacións de acceso, etc. aspectos estes non sempre respectados por viaxeiros e renomadas expedicións que con gran renome e prestixio nos mostran despois realidades ficticias.

Todo isto por desgracia tiven que aprendelo in situ, viaxando e non nas aulas ou nos libros. Quizais tamén porque por desgracia os mestres da miña época (Don Esteban, González Madrid, Asorey, ...) non tiveron demasiadas oportunidades de formarse viaxando lonxe das súas Universidades. Eran outros momentos dentro da historia do noso pobo, os cales económica e culturalmente impedían e gran medida as posibilidades viaxeiras dos nosos mestres, e con isto penso que se reducía moito a cualidade e cantidade das súas ensinanzas. A quen cuestione esta hipótese diríalle que se cuestione o seguinte: ¿Quen é o personaxe da historia mundial mais coñecido? Ou, ¿Quen foron os que trouxeron as matemáticas modernas, os mapas máis actualizados, as especies exóticas, os inventos

e inxenios que trocaron as nosas vidas, as relixións,... e un sinfín de coñecementos e ideas novas? ¿Internet? De seguro que a todos lles é doado contestar acertadamente, foron os viaxeiros, e o personaxe máis coñecido da historia mundial é Cristobal Colón. A importancia destes homens foi tal que a grande maioría dos libros publicados ao longo da historia da humanidade son sobre viaxes e de autores viaxeiros, ou están fortemente relacionados con eles. Todas as artes nas que nos podamos implicar están influenciadas polos viaxeiros, e para quen lle falte imaxinación déixolle estes nomes: Marco Polo, Buda, Darwin, Alejandro Magno,...

Hoxe os novos mestres do Instituto viaxan (Cheché, Montero, etc), os alumnos tamén saen algo máis de excursión e a internet, que tamén tem a súa influencia, chegou ao centro. !A todo iso hai que sacarlle partido! Pero sen esquecer tamén que pode ser unha arma de dobre fío. Digo iso porque hoxe en día viaxar confundímolo con facer turismo, cando viaxar é principalmente deixar atrás o rutinario, trocar os nosos costumes, ben sexa nas comidas, no idioma, nos horarios, etc. Non é ir a un hotel con comida internacional, aire acondicionado, só gringos ao redor, ... Do mesmo xeito na nosa comunidade confundimos moito o que se considera cultura. ¿Cultura ou subcultura? Para apoiarme neste debate universal permítome roubarlle as palabras ao célebre antropólogo (e recentemente falecido) Marvin Harris. Dáse ademais a casualidade de que o extracto que selecciono é sacado do libro que teño entre mans nesta viaxe e que me foi regalado pouco antes de saír por unha mestra do Instituto:

“O descubrimento de que un bo número de estudantes universitarios son incapaces de recoñecer os contornos do seu propio país nun mapa mudo ou de determinar de que lado loitaron os rusos na Primeira Guerra Mundial suscitou acalorados debates en torno ao problema dos coñecementos que calquera persoa debe posuír para ser considerada culta. Un remedio moi en voga consiste en elaborar listas definitivas de nomes, lugares, acontecementos e obras literarias capaces, garantízase, de sacar ao inculto da súa impenetrable ignorancia. Como antropólogo preocúpame tanto a promulgación de tales listas como o vacío que pretenden colmar. Redactadas fundamentalmente por historiadores e celebridades literarias, céntranse en acontecementos e logros da civilización occidental. Ademais, gardan silencio sobre as grandes transformacións biolóxicas que levaron á aparición dos nosos antepasados sobre a faz da Terra e dotaron a nosa especie de unha singular capacidade para as adaptacións de base cultural. E tamén gardan silencio sobre os principios evolutivos que configuraron a vida social da nosa especie a partir do momento en que os nosos antepasados iniciaron o despegue cultural. De feito, por tratarse de listas son intrinsecamente inca-



Xabier Ares, autor desta colaboración, diante da catedral de México.

paces de ensinar nada acerca dos procesos biolóxicos e culturais que condicionaron as nosas vidas e enmarcan o noso destino. Ou para expresarme dunha forma máis positiva, considero, que a misión mínima de toda reforma educativa moderna consiste en impartir unha perspectiva comparativa, mundial e evolutiva sobre a identidade da nosa especie e sobre o que podemos e non podemos esperar que as nosas culturas fagan por nós.

Ao defender unha perspectiva panhumana, biosocial e evolutiva non pretende restarlle importancia ao tradicional coñecemento local e particular. Vivimos e actuamos en contextos locais e particulares e non temos máis elección que comezar a coñecer o mundo dende dentro para afora. Pero un exceso de particularismo, no poder ver o mundo dende fóra para dentro, constitúe unha forma de ignorancia que pode ser tan perigosa como non saber as fronteiras do noso país. ¿Ten sentido coñecer a historia duns poucos países, pero non saber nada sobre as orixes de todos os estados? ¿Debemos estudar as guerras duns cantos países, pero non saber nada da guerra e todos os países?”

!Com esas é evidente que eu me uno á protesta contra dos redactores de listas! Moito máis importante que todo iso considero a actitude persoal de cada u para vivir cada lección, cada situación e cada instante da vida intensamente converténdoo no “supremo instante”. Dese xeito, a viaxe máis

breve (ou a lección máis pesada) renova o espírito, esperta os sentidos e incluso eleva o rutinario á categoría de sublime.

Notas a pé de páxina:

(1) Tamén hai unha infusión da folla que se chama mate de coca, a cal axuda a levar o soroche ou puna, que son os nomes que reciben nos Andes o mal de altura. Betanzos está a uns 3.300 m.s.n.m. e a cercana Potosí ostenta o título da cidade máis alta do mundo com 4.100 m.s.n.m. na súa praza principal, e A Paz é a capital mais alta do mundo com 3.800 m.s.n.m.

(2) Dise incluso que a montaña ten ducias e ducias de kms. escavados no seu interior como se fose un queixo gruyere. Dela vén a expresión do castelán “Vale un Potosí” debido á grande riqueza que xerou na zona, tamén se di dela que se se xuntase toda a prata extraída e enviada a Europa daría para facer unha ponte entre Potosí e España só de lingotes de prata. En contrapartida xerou un sufrimento atroz nas comunidades locais obrigadas a traballar no seu interior, na nosa visita aínda vimos a cativos que pasan por eses arduos e insanos traballos que acaban cos seus pulmón en poucos anos. Eles en contrapartida ao noso dito din que tamén se podería facer outra ponte igual pero de mortos durante a ocupación colonial.

(3) Eu ao longo das miñas viaxes só vin algo peor nos meses posteriores á desintegración da URSS, cando miles de marinos mercantes se encontraron desamparados e esquecidos en diferentes portos do mundo. Moitos deles como os que coñecín na Patagonia arxentina poñían pilas de linterna a remollo en vasos cheos de auga para que de aí a un tempo, cando se soltase o ácido, beber e embriagarse.

ADICADO AOS MEUS COMPAÑEIRO DE INSTITUTO CARLOS E PABLO, AMBOS MEMBROS DO CLUBE DE MONTAÑA ESPENUCA E FALECIDOS XUSTO CANDO ACABARAN DE ACADAR AQUILO POLO QUE TANTO LOITARAN.

San Grabel da Cachoeira (Amazonas) - Brasil

Febreiro 2002-02-14

Xabier Ares García “japy”